

VIÑO. A Consellaría de Medio Rural aborda a vendima tarde, mal e a rastro ▶ 12 e 13

PATACA. A caída da produción na Limia pola calor e a seca dá estabilidade aos prezos ▶ 18



Sectores gandeiros, caída de prezos no cunícula e no vacún
A depreciación da carne de vacún e de coello
xeneraliza a crise na gandería galega ▶ 17 e 19

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLI - Nº 309 - Outono 2015

O SECTOR LÁCTEO GALEGO DI BASTA

cc Campo Galego



Sen dúbida algunha, as mobilizacións do leite centraron boa parte dos esforzos e da actividade do Sindicato Labrego Galego nos últimos meses, dende a constitución da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo. Tedes cumprida información de todo o acontecido dende a páxina 4 até a 11, incluído o editorial



Traballar máis para gañar menos ou para arruinarnos?

Despois de longos meses nos que o sector leiteiro galego está a vivir a peor crise da súa historia, toca avaliar como chegamos até aquí e que medidas precisamos para conseguir que miles de familias podan vivir dignamente desta actividade e seguir xerando emprego e riqueza nun medio rural vivo.

O Sindicato Labrego Galego, como veu defendendo nos últimos anos, considera indispensable un sistema de control da produción que impida uns excedentes que sigan levando ao sector a prezos por debaixo dos custos de produción. Esta regulación da produción debe ser pública e facerse a escala europea, para evitar que os excedentes duns países destrúan o mercado doutros. En Francia, hoxe a industria garante a recollida do leite que as granxas tiñan con cota a un prezo, e pagan logo menos polo leite que se incrementa. En Canadá, hai un prezo garantido para o leite que vai ao mercado interno e outro para o leite que vai á exportación... No caso galego, arredor dun 25% das granxas están a vender a totalidade do seu leite por debaixo de 26 céntimos, e as cantidades de compra fíxana unilateralmente as industrias, sen que haxa ningún tipo de garantía.

É un erro que a política leiteira galega e europea se orienten a ter produto barato para os mercados internacionais. A realidade é que o mercado internacional dos principais produtos industriais rexistra nos últimos anos importantes desaxustes, por unha oferta que medrou moito máis que a demanda, ou con excedentes que se almacenan ou viaxan como cisternas de leite spot. A “competitividade” dos produtos lácteos industriais no mercado internacional baséase en ofertar prezos moi baixos (leite en po a 17 céntimos ou manteiga a 30 céntimos)

“O Sindicato Labrego Galego, como veu defendendo nos últimos anos, considera indispensable un sistema de control da produción que impida uns excedentes que sigan levando ao sector a prezos por debaixo dos custos de produción. Esta regulación da produción debe ser pública e facerse a escala europea, para evitar que os excedentes duns países destrúan o mercado doutros”

e, pese a que só un 7% da produción europea vai á exportación, estes prezos acaban marcando a referencia para a maioría da produción. Non nos enganemos. Hoxe hai granxas que lle venden a Reny Picot cunha fórmula na que o 40% do leite se lles paga a prezo de leite en po, chegando a medias de 24 ou 26 céntimos. Ese é o modelo polo que apostamos para o futuro?

É necesaria unha base lexislativa que garanta que na cadea de valor ningunha das partes sexa obrigada a vender a perdas, e acabar coas posicións de dominio da distribución e da industria. O Ministerio e a Xunta de Galicia permiten reiteradamente todo tipo de abusos e limítanse a propor unhas condicións de cumprimento voluntario, aínda que isto poida supoñer a desaparición de miles de granxas e a ruína de moitas familias.

No sector leiteiro galego prevaleceu a mensaxe de que había que posicionarse para o final do sistema de cotas, incrementando descontroladamente a produción e multiplicando os investimentos. Administración e parte dos operadores, que seica tiñan o soño de alimentar aos chineses, levaron ao sector na dirección contraria do que debería ter sido o camiño razoable: apoiar as granxas para que chegaran a este momento cos menores custos, incrementar a base territorial e incentivar modelos de produción sostibles co mínimo investimento posible, un proceso ordenado de crecemento para que non haxa excedentes que afundan os prezos, proxectos de transformación de produtos lácteos de calidade que xeren valor engadido e repercutan nunha mellora de prezos nas granxas, novas estratexias de comercialización, etcétera.

A mesma parte do sector aplaudía unha e outra vez unha lexislación que leva á indefensión total dos gandeiros e das gandeiras: liberalización da produción, contratos sen prezo, falta de garantías diante de impagos, liquidacións abusivas, calidades manipuladas para baixar os prezos, ameazas de deixar de recoller se non se aceptan eses contratos abusivos e falsas solucións como as organizacións de produtores.

“É necesaria unha base lexislativa que garanta que na cadea de valor ningunha das partes sexa obrigada a vender a perdas, e acabar coas posicións de dominio da distribución e da industria”

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Margarida Prieto, Daniel Rodicio, Lara Barros, Isabel Vilalba, Antonio Ferreiro, Anxo Pérez, Antonio Villarino e Vera-Cruz Montoto.

PECHE DE EDICIÓN 20-10-2015

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

“O Sindicato Labrego Galego nunca estivo nin está para vender fume, aínda que haxa xente que prefira escoitar falsas promesas e solucións fáciles, que nunca chegan. (...) Na hemeroteca están todas e cada unha das posicións que defendeu e segue a defender esta organización agraria: contra os contratos sen prezo, contra a desregulación da produción, por un valor mínimo para o leite, contra os enganos de acordos sen garantías como o de 2009 e o de 2015 e por un modelo de produción sostible con miles de persoas que podan vivir dignamente do seu traballo.”

Ao mesmo tempo, véndeselle á opinión pública que o sector recibe moitas axudas. Pero esas axudas, ou non chegan ás granxas ou pasan por nós para que a industria poida seguir comprando a eses prezos miserables. E, por riba, mesmo se responsabiliza ao sector dos baixos prezos e dos desaxustes de produción, esquecendo a posición de dominio que ten a distribución e a industria, que até o momento sempre se negaron a ningún tipo de negociación de prezos en todos os

foros (Interprofesional Láctea, organizacións de produtores e produtoras...), aproveitando que era un produto perecedoiro e non había unha base lexislativa que os obrigase a nada. O SLG nunca estivo nin está para vender fume, aínda que haxa xente que prefira escoitar falsas promesas e solucións fáciles, que nunca chegan. Nos últimos tempos, tamén están a xurdir algunhas voces que, en nome da unión, puxeron moito esforzo en culpar máis ás organizacións do sector dos problemas ca a quen é responsable das políticas agrarias, que serviron para trasla-

dar unha división moi interesante para quen quería acabar cunhas mobilizacións que estaban a presionar moito aos nosos gobernantes; voces que, curiosamente, teñen moita confianza nas propostas da Conselleira e de Feijóo sobre as posibilidades das organizacións de produtores e sobre o acordo lácteo, aínda que nos contratos que están chegando ás casas nin se ven as subas, nin de momento hai avances nunha cadea de valor que garanta marxes dignas para as produtoras e os produtores. Na hemeroteca están todas e cada unha das posicións que defendeu e segue a defender esta organización agraria: contra os contratos sen prezo, contra a desregulación da produción, por un prezo mínimo para o leite, contra os enganos de acordos sen garantías como o de 2009 e o de 2015, por un modelo de produción sostible, con miles de persoas que podan vivir dignamente do seu traballo.



LEITE ▶ A pasividade dos gobernos diante da situación límite das nosas granxas, cos prezos máis baixos do Estado, indigna e saca ás rúas miles de gandeiros e gandeiras

Galiza toma conciencia do problema do leite tras dous meses de mobilizacións

En xullo, 2.571 granxas estaban a cobrar o leite por baixo dos 26 céntimos, moitas con prezos inferiores aos 0'20 €

Dende os picos experimentados polo prezo medio do leite na nosa terra, preto dos 40 céntimos por litro dacabalo dos anos 2013 e 2014, o valor do produto en orixe non fixo outra cousa que descender até os niveis de miseria actual.

Durante boa parte de 2014, o SLG veu denunciando a situación unha e outra vez, advertindo da fin do sistema de cotas, do aumento descontrolado da produción, e pedindo reiteradamente xuntanzas na Consellaría de Medio Rural para tratar o problema sen que se nos fixese caso. Non sería até o 10 de xullo do presente ano que a conselleira, Rosa Quintana, convocou aos axentes do sector, nun intre de crise aguda no que, con datos de abril, 2.571 granxas na Galiza estaban a cobrar por baixo dos 26 céntimos, moitas con prezos inferiores aos 0'20 €. O propio Ministerio de Agricultura sitúa os custos de produción dunha granxa de leite ao redor dos 34 céntimos (338 euros por tonelada) e valores ao redor dos 37 céntimos para dar uns beneficios dignos. Lonxe diso, o prezo medio do leite na Galiza en agosto estaba ao redor dos 27 céntimos.

A fin do sistema de cotas, o 30 de abril, non faría máis que empeorar as cousas. Cos últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria, en agosto quedaban na Galiza 9.307 granxas entregando leite, 301 menos que en xaneiro, o cal revela que no noso país está pechando máis dunha explotación láctea cada día.

A estes niveis miserables de prezo, hai que engadir a inseguridade nas granxas, que seguen sometidas ao arbitrio das industrias. Se non abundaba con ter que aceptar os contratos coas condicións e prezos impostos, houbo empresas como Leite Río que, cuns poucos días de preaviso, deixou de recoller en dúcias de explotacións en zonas como Teixeira ou Rodeiro coa escusa dos baixos niveis de graxa. A indefensión das granxas abandonadas foi total, xa que non existe unha mediación eficaz para obrigar ao cumprimento dos contratos e a administración desinhibiuse por completo do problema. Moitas destas gandeiras gandeiros acabaron vendéndolle a primeiros compradores ou a empresas como Reny Picot para facer leite en po a prezos inferiores aos 20 céntimos.



Tractoradas en 9 comarcas antes de esbourar o conflito en Lugo e Compostela

Nesta conxuntura, o 6 de xullo constituíase a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo Galego, unha constelación de colectivos e organizacións onde están incluídas tódalas cores políticas ou sindicais e asociacións profesionais de todo tipo vinculadas ao medio rural. Ese sería o xermolo dun potente calendario de mobilizacións que comezaría o 17 de xullo, cunha manifestación multitudinaria en Compostela á que asistiron unhas 15.000 persoas e á que seguirían varias tractoradas que levarían a indignación do sector ás principais comarcas gandeiras ao longo do verán: Santa Comba, Chantada, Arzúa, Melide, Lalín, Vilalba, Ordes, Sarria e Curtis. Polo medio, varias xuntanzas en Madrid auspiciadas polo Ministerio de Agricultura. Paseniño, fóronse achegando medidas que, en todo momento, o SLG e a COAG denunciámos como meros parches que non solucionaban o problema.

Desta maneira, as mobilizacións deron unha viraxe a partir do 3 de setembro, coa tractorada de Lugo. Ese día, uns 1.500 vehículos agrícolas toma-

ron a cidade da muralla e, unha vez concluídos os actos de protesta previstos, os gandeiros e gandeiras decidiron en asemblea ficar na cidade de maneira indefinida cuns 200 tractores.

Así, chegaríase ao 7 de setembro, data fixada para iniciar catro días seguidos de mobilizacións en Compostela. A data elixida coincidía coa xuntanza do Consello Ministerial de Agricultura da Unión Europea e coa organización de protestas tamén en Bruxelas. Ese día, preto de 5.000 tractores colapsaron a capital galega. Pola noite, os gandeiros e gandeiras en asemblea decidiron recuar o programa previsto pola Plataforma e ficar cos tractores na cidade.

Nos días seguintes, cercaríanse a sede administrativa da Xunta en San Caetano e o centro comercial de Alcampo en Fontiñas, faríase distribución gratuíta de leite en Carrefour e na Porta Faxeira, e celebraríanse dúas xuntanzas co presidente, Alberto Rodríguez Feijóo e a conselleira Rosa Quintana.

SEGUE ▶

As manifestacións vividas en Compostela este verán foron masivas. Á esquerda, a o 10 de setembro e, á dereita, a do 17 de xullo. As estimacións apuntan a que participaron unhas 15.000 persoas en cada unha delas



5.000 tractores e 15.000 persoas ocuparon Santiago

Aínda que estaba previsto que as mobilizacións rematasen coa gran manifestación a pé do 10 de setembro, á que asistiron unhas 15.000 persoas, ao remate da xornada, nunha asemblea gandeira celebrada pola noite, decidíase iniciar un bloqueo total ás industrias lácteas da Galiza.

Este bloqueo foi o maior sufrido pola industria láctea galega na súa historia. De primeiras, desmarcáronse desta acción Xóvenes Agricultores e a Asociación Galega de Cooperativas (Agaca). A maiores, os gandeiros e gandeiras que ficaban en Lugo cos tractores, tras expresar o seu total acordo coas políticas da Consellaría e do Ministerio, e subliñar que a súa batalla era contra as organizacións agrarias, desconvocaron a tractorada de Lugo e marcharon para casa. Desta maneira, foron moitos os tractores que, principalmente dende A Coruña, tiveron que viaxar á provincia veciña para apoiar os bloqueos ás industrias lucenses.

Tras cinco días de bloqueo, despois de ter derramado miles de litros de leite, baixo as ameazas de comezar a multar tractores por parte da Policía e da Garda Civil e coa Xunta e o Ministerio enrocados sen intención de facer ningunha concesión no texto do acordo, a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo decidiu poñer fin ás mobilizacións o 16 de setembro. Dende o SLG explicamos, a través dun comunicado, que “manter o bloqueo é unha medida que implica un alto custo para a xente gandeira. Diante da presión das multas e da chegada dun gran número de antidisturbios ás inmediacións das industrias, valorouse a imposibilidade de manter este mesmo formato de mobilización” pois até o 23 de setembro non se prevía que houbo un texto definitivo para o acordo do sector lácteo.

A intención era seguir cun bloqueo ás distribuidoras alimentarias, un dos principais axentes na formación dos prezos dos alimentos. Neste senso, realizouse unha concentración diante da central loxística de Gadisa en Betanzos o 17 de setembro. Dende ese momento, a Plataforma comprometeuse a fiscalizar o desenvolvemento dos acordos de Madrid e os compromisos de suba de prezos por parte dalgunhas distribuidoras e, en caso de incumprimento, volver a pensar na posibilidade dun novo calendario de mobilizacións.

✓ 13 medidas defendidas por COAG e SLG

As mobilizacións acadaron certos resultados, como as subas do leite anunciadas por varias distribuidoras e o compromiso dalgunhas industrias en deixar de facer contratos á baixa. Sen embargo, estes logros víronse embazados, unha vez máis, pola covardía dun Ministerio de Agricultura que redactou un acordo lácteo á medida das industrias e das distribuidoras (ver páxinas 10 e 11 deste Fouce), pois non teñen ningunha obriga de cumprilo e os compromisos adoptados son tan ambiguos que pouco ou nada podemos agardar del.

Pola nosa banda, dende o Sindicato Labrego Galego e a COAG, amais de negarnos a asinar o acordo lácteo do 23 de setembro, seguiremos a defender as medidas para o sector que defendemos en todas e cada unha das xuntanzas mantidas no Ministerio de Agricultura ou na Consellaría de Medio Rural, e que parten de dúas premisas irrenunciáveis: un prezo mínimo que cubra os custos de produción e unha renda digna nas granxas, e o control público da produción e do mercado. A táboa reivindicativa que defendemos o Sindi-

cato Labrego Galego e a COAG nas xuntanzas negociadoras foi a seguinte:

1. Prezo mínimo que cubra os custos de produción e os beneficios das granxas.
2. Revisión e actualización dos prezos de intervención pública da manteiga e do leite en po para que cubran os custos de produción.
3. Actuación inmediata e eficaz da Axencia de Información e Control Alimentario (AICA) para evitar prezos anormalmente baixos na distribución e na industria.
4. Definición dun “leite tipo” en todo o Estado para que os parámetros de calidade sexan iguais para tódalas explotacións e non se utilicen para baixar prezos ou deixar de recoller arbitrariamente.
5. Ampliación da duración mínima dos contratos vinculada a unha indexación de prezos revisable.
6. Inspección nas industrias lácteas que teñan un número excesivo de renuncias á duración mínima de un ano nos contratos.
7. Promoción do consumo de leite e produtos lácteos producidos no Estado.
8. Retirada da etiqueta de Produto Lácteo Sostible (PLS) a aquelas industrias e distribuidoras que incumpran os criterios esixidos para a súa concesión.
9. Creación dun mediador no sector lácteo que basee os seus criterios de mediación nos índices de prezos da INLAC.
10. Bonificación de xuros para os créditos.
11. Redución nas cotas da Seguridade Social.
12. Redución do módulo aplicable ao bovino de leite para a campaña 2014 ao 0%.
13. Compensación económica a aquelas granxas que non cheguen ao custo medio de produción (338 euros por tonelada) de até o 95% das perdas.

A REVOLTA GANDEIRA DE 2015 ▶ Cando o conflito do leite está lonxe de rematar, pois a ningunha das reivindicacións gandeiras sobre prezos mínimos ou garantía de recollida se lle deu unha solución firme, cómpre botar a vista atrás sobre unha das mobilizacións labregas máis contundentes que se ten feito na Galiza.

Cando o sector lácteo galego dixo “até aquí chegamos”

4 de xuño

Primeira **xuntanza da conselleira de Medio Rural coas organizacións agrarias** para tratar a crise do sector lácteo. Só se convoca aos sindicatos, polo que o encontro de pouco serve ao non haber presenza nin das industrias nin das distribuidoras.

6 de xullo

Asemblea constituínte da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo Galego (PDSLGS) en Compostela. Forman parte: Acouga, Agaca, Agafac, Agromacen, Asaja, Azofiga, Oruga, CCOO, CIG, Delagro, Fefriga, Fruga, OPL, Sindicato Labrego Galego, UXT, UUAA, Xestión Agrogandeira Galega, Xestión Rural de Galicia, industrias lácteas e distribuidores de alimentos. Tamén apoian alcaldes e alcaldesas de tódalas cores políticas. Convócase unha manifestación en Compostela para o 17 de xullo.

7 de xullo

Xuntanza da ministra de Agricultura coa Interprofesional Láctea (Inlac). Pola COAG e o SLG participan Charo Arredondo e Isabel Vilalba. Ningunha das medidas presentadas soluciona nin a curto nin a medio prazo o problema.

10 de xullo

A Consellaría de Medio Rural convoca por primeira vez aos axentes do sector tras varios meses de crise e de peticións ignoradas. Plante da industria: só asiste Jesús Lence). Por parte da distribución participan Gadisa, Carrefour, Eroski e DIA. Ningunha solución sobre a mesa. Transcende que 2.571 granxas cobran por baixo dos 26 céntimos.



14 de xullo

- ✓ Segunda xuntanza da PDSLGS.
- ✓ Comeza a difundirse unha moción para que os concellos apoiem ao sector lácteo, a PDSLGS e as mobilizacións.
- ✓ A ministra Tejerina solicita en Bruxelas que suban os prezos de intervención do leite.
- ✓ Dimite Pedro Ramos, coordinador da Asociación de Industrias Lácteas de Galiza.

15 de xullo

Lácteos Lence anuncia que deixará de recoller o leite a 24 granxas de Rodeiro.

17 de xullo

Gran **manifestación en Compostela** convocada pola PDSLGS. Estímanse que asisten ao redor de 15.000 persoas.

22 de xullo

Nova xuntanza do Ministerio de Agricultura coa INLAC. A única novidade é que se destinarán 1'5 millóns de euros a financiar avais de créditos a explotacións. Tamén falan de reforzar os controis da AICA. Isabel Vilalba participou por parte do SLG e cualificou o encontro de “decepcionante”, pois o Ministerio segue porfiando en ofrecer medidas que nin solucionan a situación a curto prazo, nin evita crises no futuro.

24 de xullo

Acordo en Francia para pagarlle aos gandeiros e gandeiras 34 céntimos por litro de leite. Aínda que carece de garantías, servirá como referencia nas negociacións do Estado Español.

29 de xullo

Nova xuntanza no Ministerio de Agricultura. Ningún avance, non hai compromiso da industria e da distribución para recuperar o prezo como en Francia. O Ministerio só se compromete a trasladarlle o acordo francés á CNMC para ver se é legal.

1 de agosto

Primeira das tractoradas comarcais en **SANTA COMBA**. 500 tractores e unhas 2.000 persoas.

5 de agosto

Primeira **xuntanza do sector co presidente** da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Nada novo.

6 de agosto

Tractorada en **CHANTADA**. 500 tractores e 2.000 persoas.

10 de agosto

Tractorada en **ARZÚA e MELIDE**. 500 tractores farán o traxecto entrambos concellos, ida e volta, 30 quilómetros pola N-547.

12 de agosto

Tractorada en **LALÍN**. 1.000 tractores e 5.000 persoas.



18 de agosto

Nova xuntanza no Ministerio de Agricultura coas organizacións agrarias, cooperativas, FENIL e asociacións da distribución. Primeiro borrador do acordo lácteo. As propostas son de carácter voluntario e non contemplan reximes sancionadores que obriguem ao seu cumprimento.

20 de agosto

Tractorada en **VILALBA**. 1.000 tractores e unhas 2.000 persoas.

21 de agosto

Tractorada en **ORDES**. 500 tractores e milleiros de persoas.

22 de agosto

O Ministerio anuncia unha **axuda de 300 € por vaca** para as granxas en dificultades. **SEGUE ▶**

25 de agosto

Tractorada en **SARRIA**. 800 tractores e unhas 2.000 persoas.

27 de agosto

✓ Tractorada en **CURTIS-TEIXEIRO**. 500 tractores e marcha de Teixeira a Curtis, onde se leu o manifesto. Multas da Garda Civil e bloqueo da N-634 durante 2 horas.



✓ **Xuntanza en Madrid dos ministros de Agricultura de España, Francia e Portugal** para adoptar unha postura común no encontro ministerial de Agricultura da Unión Europea do 7 de setembro. Envíaselles unha carta de COAG, Confédération Paysanne e CNA pedindo que defendan a regulación pública do mercado leiteiro ou un prezo estable para o leite que cubra os custos de produción, entre outras cousas.

3 de setembro

Tractorada en **LUGO**. Uns 1.500 tractores colapsan a cidade e arrodean a muralla, ao tempo que varios gandeiros se desmarcan do programa previsto para bloquear a planta de Lácteos Lence no polígono do Ceao. Manifestación a pé cunhas 2.000 persoas. Por decisión assemblearia, quedarán permanentemente na muralla cuns 200 tractores até o 12 de setembro.

7 de setembro

✓ Tractorada masiva en **COMPOSTELA** e mobilizacións da ECVC e European Milk Board (EMB) en **BRUXELAS**. Máis de 4.000 tractores toman a capital galega. A assemblea gandeira desa noite decide ficar cos vehículos en Compostela e arrodear San Caetano.

✓ **Consello Ministerial de Agricultura da Unión Europea**. Anuncian os 500 millóns en axudas, pero nada de medidas para cambiar o sistema e garantir prezos. Ao Estado Español correspóndelle 25,5 millóns no reparto. Non se tocan os prezos de intervención pública dos produtos lácteos e se comprometen a anticipar o pagamento da PAC a outubro, e adiantar o 70% do total da axuda.

8 de setembro

Continúan as mobilizacións en Compostela cun reparto de leite gratuíto nas Cancelas e bloqueo dos accesos ao centro comercial de Carrefour.

9 de setembro

- ✓ Reparto de leite gratuíto na Alameda compostelá.
- ✓ Xuntanza do sector lácteo co presidente Feijóo. Foi tan decepcionante como as anteriores, xa que non se presentou ningunha medida nin novidade nas máis de tres horas que durou a reunión.
- ✓ Na assemblea gandeira desa noite, decídese continuar cos bloqueos, ampliando a Alcampo, no centro comercial de Fontiñas.

10 de setembro

✓ **Manifestación multitudinaria a pé** coincidindo cunha nova **xuntanza da Interprofesional Láctea no Ministerio de Agricultura**. Asisten unhas 15.000 persoas. A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, foi unha das encargadas de representar á COAG en Madrid xunto á gandeira cántabra Charo Arredondo e o máximo responsable desta organización estatal, Miguel Blanco. O borrador de acordo para o sector lácteo segue sendo inconcreto e sen ofrecer garantías de cumprimento.

11 de setembro

Nova xuntanza con Feijóo sen avances. Decídese en assemblea recrutar as mobilizacións. **Bloqueo total a tódalas industrias de Galiza**. Marchan os tractores de Compostela deixando un retén en San Caetano.

12 de setembro

Comeza o bloqueo. Baléiranse cisternas e as granxas comezan a tirar o leite e só deixan saír cargamentos vixilados das fábricas para donar a bancos de alimentos e organizacións benéficas. Os gandeiros que seguían cos tractores en Lugo retíranse definitivamente das mobilizacións e marchan para casa. Asaja e a Asociación Galega de Cooperativas (Agaca) posiciónanse en contra do bloqueo.



13 de setembro

Mobilización de gandeiros e gandeiras da Coruña cara a provincia de Lugo para axudar nos bloqueos polo baleiro deixado polos tractores que arrodeaban a Muralla e que marcharon para casa ao inicio do bloqueo.

14 de setembro

Anuncio de **Mercadona e Vegalsa** de suba de 2 céntimos. **CLAS e Celta** din que non asinarán contratos a baixa e que repercutirán as subas cando se produzan.

15 de setembro

Tractorada no polígono industrial de Sigüeiro diante da plataforma loxística de Vegalsa (Eroski). A presión da policía, garda civil e anti-disturbios é cada vez maior, con ameazas directas de multas. Os ánimos están cada vez máis caldeados e un camión de Reny Picot atropela un manifestante en Asturias.

16 de setembro

Decídese trasladar o bloqueo ás distribuidoras alimentarias, responsables tamén da formación de prezos.

17 de setembro

Centos de gandeiros e gandeiras a pé bloquean a central loxística de Gadisa en Betanzos para denunciar a utilización do leite como produto reclamo por esta cadea de supermercados.

18 de setembro

Lidl anuncia que subirá un 5% o prezo do leite.

22 de setembro

Declaracións escandalosas da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que defende a venda a perdas.


23 de setembro

Asínase o acordo final do Sector Lácteo no Ministerio de Agricultura, co apoio das industrias, das distribuidoras, das cooperativas e de Asaja. COAG e o Sindicato Labrego Galego non asinamos, o mesmo que UPA. O acordo final é aínda peor que o presentado o 18 de agosto, pois fai varias concesións ás empresas, como retirar calquera alusión do texto a prezos que cubran os custos de produción.

5 de outubro

Cesan a Rosa Quintana como responsable de Medio Rural e queda só coa área de Mar. A partir deste día, a nova conselleira de Medio Rural será Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide.

SEGUE ►





É difícil escoller fotografías entre os centos de imaxes que deron unhas mobilizacións que duraron dous meses e se viviron cunha intensidade poucas veces vista no sector lácteo. Nesta páxina, de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: constitución da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo, queima de produtos lácteos franceses e das bandeiras gala e alemá na avenida de Lugo de Compostela, reparto de leite gratuíto fronte ao centro comercial Carrefour n'As Cancelas, avance da manifestación do 10 de setembro por Basquiños e asemblea gandeira na Alameda de Santiago.



En canto ás imaxes desta páxina, seguindo a orde das anteriores: Santiago de Compostela colapsada pola gran tractorada do 7 de setembro, tractores bloqueando a factoría de Larsa en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), manifestación a pé polas rúas de Lugo o 3 de setembro, bloqueo á plataforma lóxística de Vegalsa no polígono industrial de Sigüeiro (Oroso), tractores arrodeando a sede da Xunta de Galicia e a multitudinaria manifestación celebrada na primeira das convocatorias comarcais en Santa Comba o 1 de agosto

Acordo lácteo: nin rastro de prezos mínimos, custes de produción ou garantía de recollida

O texto asinado no Ministerio de Agricultura o 23 de setembro leva por nome “Acordo para a estabilidade e sostenibilidade da cadea de valor do sector de vacún de leite”. A única referencia que trae aos prezos vén na parte inicial, onde as partes asinantes se comprometen a “traballar pola estabilidade e creación de valor ao longo da cadea e por lograr prezos sostibles e remuneradores en cada tramo da mesma”. E aí comezan as vaguedades, pois non se define o que son “prezos sostibles e remuneradores”, do mesmo xeito que en ningures se fala de prezos mínimos ou custes de produción.

Feito o limiar, o acordo divídese en tres partes nas que se enumeran os compromisos das distribuidoras, das industrias e das cooperativas e organizacións agrarias:



Isabel Vilalba Seivane, primeira pola dereita, foi unha das encargadas de representar aos produtores e produtoras de leite nas diversas xuntanzas negociadoras que se levaron a cabo na sede do Ministerio de Agricultura

Un texto para os gandeiros e as gandeiras, pero sen os gandeiros e as gandeiras

COMPROMISOS DAS DISTRIBUIDORAS:

1. Valorizar o leite e establecer medidas encamiñadas a impedir o seu uso como produto reclamo.
2. Mercar o leite de maneira que se manteña o valor do produto nos primeiros elos da cadea. Para iso, fala de establecer “contratos a longo prazo coas industrias provedoras” para darlle estabilidade ás relacións comerciais. Para apoiar este punto, creárase un comité consultivo no seo da Interprofesional Láctea (INLAC).
3. Promover a identificación da orixe do leite e dos produtos lácteos.

COMPROMISOS DAS INDUSTRIAS E DA FENIL:

4. Aplicar nos contratos prezos e volumes de compra segundo a evolución do mercado e das vendas da industria contratante, e repercutir nas granxas as melloras do prezo que fagan as distribuidoras. Para isto, a INLAC creará un contrato-tipo de compravenda de leite para que se aplique de maneira “xeneralizada”, e que estea adaptado ao paquete lácteo. Incorporarase un sistema de arbitraje independente.
5. Facilitar ao Ministerio de Agricultura, con periodicidade mensual, datos sobre os prezos netos de cesión ou venda de leite.
6. Incluír información nos envases, de maneira voluntaria, sobre o país de procedencia de onde vén o leite.

COMPROMISOS DE COOPERATIVAS E ORGANIZACIÓNS AGRARIAS

(asinaron Asaja e Cooperativas Agroalimentarias, organización estatal na que se inclúe Agaca; non asinamos UPA nin COAG-SLG):

7. Promover a constitución de organizacións de produtores (OPs).
8. Promover a fusión de cooperativas.
9. Promover entre as persoas asociadas a necesidade das OPs de cooperativas fortes.
10. Promover xunto ás industrias o modelo de contrato da INLAC.

COMPROMISOS EXTENSIBLES A TÓDOLOS AXENTES DO SECTOR:

11. Promover o código de boas prácticas na contratación alimentaria e a utilización o mediador nos contratos en caso de que non haxa acordos nos prezos.
12. As industrias e empresas que participen no programa do Produto Lácteo Sostible, xunto coa INLAC, colaborarán co Ministerio na revisión dos criterios nos que se basea este programa.

Pola súa banda, o Ministerio de Agricultura comprométese a regular o papel dos primeiros compradores, a instar á INLAC para que realice estudos sobre marxes de prezos e rendibilidade do leite, e a elaborar un informe de periodicidade trimestral no que se fará seguimento do grao de cumprimento destes acordos.

Abonda con prezos sostibles e remuneradores e recollida segundo o volume de venda?

Tanto o acordo lácteo como as medidas impulsadas polo Ministerio de Agricultura de cara a axudar ás granxas son manifestamente insuficientes porque non solucionan o problema. Trátase dun acordo de cumprimento voluntario que, aínda que ten algunhas accións positivas, estas non son de obrigado cumprimento nin abordan a principal reivindicación do sector: un prezo mínimo que cubra os custes de produción e garanta unha marxe de beneficio para que os gandeiros e gandeiras poidan vivir dignamente do seu traballo. O acordo fala de “prezos sostibles e remuneradores”. E velaí a trampa da linguaxe, pois tódolos prezos son remuneradores porque, por pouco que se pague, todos remuneran, xa que remunerar significa pagar. En canto ao de sostibles, ¿que son prezos sostibles? Onde se define ou concreta o que é un prezo sostible? En ningures. Polo demais, o compromiso das industrias a mercar leite segundo os prezos do mercado e o seu volume de vendas non achega nada novo, pois dende sempre as industrias aproveitaron para baixar os prezos cando no mercado internacional baixaban e deixaron de recoller cando as súas vendas caían. Polo tanto, o acordo non garante as principais demandas dos gandeiros e gandeiras: prezos que cubran custes e beneficios e garantía de recollida. **SEGUE ►**

As axudas son parches paliativos insuficientes que non vacinan contra futuras crises no sector

Fóra do acordo lácteo, o Ministerio de Agricultura e a UE impulsaron unha serie de medidas paliativas para axudar economicamente as granxas.

1. A Unión Europea creou unha partida orzamentaria de 500 millóns de euros para axudar ao sector lácteo. Deses cartos, ao Estado Español correspóndelle 25,5 millóns de euros que recibirán as granxas a partir de decembro.

2. Financiamento de avais para solicitar créditos dun máximo de 25.000 euros por explota-

ción e que terán un ano de carencia.

3. Reforzo das inspeccións da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA).

4. Aumento do montante das axudas da PAC para o conxunto do Estado en 2015 do 13% e anticipo do pago. Este ano repartiranse 250 millóns de euros, 33 máis que en 2014. Aínda que se falou de adiantar o 70% do pagamento da PAC a partir do 16 de outubro, e segundo varias fontes consultadas, parece ser que a intención

da administración era só a de adiantar os cartos das axudas para o gando, que é unha parte mínima das axudas da PAC.

5. Axudas de 300 e 110 euros por vaca. Para ter dereito aos 300 euros por vaca, cumpría ter percibido polo leite prezos inferiores a 0'259 euros nos meses de abril, maio, xuño e xullo; en canto aos 110 euros por vaca, ter cobrado no mesmo período por baixo dos 0'284. En caso de ter cobrado nun deses meses por riba do prezo límite, xa non habería

axuda, aínda que o prezo medio dos catro meses estivese por debaixo. A cantidade tope a cobrar será de 10.000 €. O prazo de solicitude abriuse o 19 de outubro e foi de 10 días. Ao final, as cantidades prometidas eran falsas e cobrouse menos (ver despece de abaixo).

6. 11 millóns para promover o consumo de leite en escolas e para axudas a OPs.

7. Axuda adicional de 1 céntimo por cada litro de leite producido neses catro meses que se tramita de oficio coa PAC.

As granxas galegas perderon máis de 80 millóns de euros dende abril polos baixos prezos

As granxas de leite galegas deixaron de ingresar 47 millóns de euros entre abril e xullo de 2015 a causa dos baixos prezos percibidos. Se ampliamos o período dende abril até a actualidade, as perdas elévanse a 82 millóns de euros. Son cálculos realizados a partir de datos como o prezo necesario para cubrir os custes de produción, amortizacións e salarios nunha explotación media galega que ofrece a Rede Nacional de Granxas Típicas (Rengrati) do Ministerio de Agricultura. Ese prezo mínimo que establece o Rengrati é de 0'349 euros. Sen embargo, o prezo medio na Galiza entre abril e xullo de 2015, segundo o Observatorio do Sector Lácteo, foi de 0'288 € en abril, 0'284 en maio, 0'279 en xuño e 0'276 en xullo; estando as entregas totais da nosa terra en cada un deses meses ao redor das 175.000 toneladas, segundo datos do FEGA. Se calculamos os cartos que ingresaron as granxas galegas segundo o prezo medio percibido, e os cartos que terían ingresado de ter o prezo necesario para facer a actividade rendible segundo a Rengrati, os produtores

e produtoras de leite na Galiza perderon de cobrar case 12 millóns de euros ao mes.

Á vista destes datos, o orzamento para dotar a axuda de mínimos ofrecida polo Ministerio de Agricultura para as granxas de leite que menos perciben polo cobran é absolutamente insuficiente, xa que só hai consignados 20 millóns de euros, dos cales, segundo o propio Ministerio, o 80% (16 millóns) serán para as granxas galegas. Dende un punto de vista xeral, estas axudas non chegan nin para cubrir 2 meses de perdas no noso sector produtor. Indo ao miúdo, o Ministerio de Agricultura nin sequera cumpre as axudas prometidas no BOE. Tras comprobar a listaxe de persoas beneficiadas, descubrimos que, de maneira xeneralizada, cobran 233 euros por vaca as que deberían cobrar 300, e 85'40 euros ás que deberían cobrar 110. En canto á contía máxima a percibir de 10.000 euros, a granxa galega que máis cobrará vai ingresar 7.765 euros.

Ademais de insuficientes, estas axudas non chegarán a todas as granxas galegas que están a atravesar dificultades, xa que a



Unha imaxe vale máis que mil palabras: o rostro sorrinte dos representantes masculinos de industrias e distribuidoras é a mellor expresión de que o acordo para o sector lácteo se fixo contra os intereses dos gandeiros e das gandeiras

Consellaría de Medio Rural cifrou en 2.571 as explotacións na Galiza que cobraron en xullo por baixo dos 26 céntimos, mentres que a axuda de 233 euros por vaca só vai chegar a 1.882 granxas segundo o propio Ministerio de Agricultura.

Cando a ministra Tejerina fixo públicas estas axudas, dende o Sindicato Labrego Galego denunciámos que eran meros parches paliativos que non solucionaban nin esta crise nin outras futuras, xa que para nós a única maneira de enfrontar o problema dos prezos no sector lácteo é legislar para que ningunha granxa poida cobrar valores que estean por baixo dos custes de produción, traballando para evitar que haxa excedentes que ocasionen o afundimento dos prezos e promovendo na UE iniciativas para que se regule a nivel europeo a

produción de leite e o mercado. Sen embargo, á vista da execución orzamentaria destas axudas, comprobamos que nin sequera a parches chegan, pois as perdas sufridas son moi superiores ás axudas recibidas.

O peor de todo é que o acordo do sector lácteo asinado no Ministerio de Agricultura non está a funcionar, tal e como preveu o SLG, pois o meirande dos contratos que se están a asinar estanse facendo á baixa ou no abano dos valores ruinosos que hai na actualidade. Polo tanto, as nosas granxas seguirán aturando un nivel paupérrimo de prezos, razón pola que instamos ao Ministerio a convocar novas xuntanzas de cara a buscar fórmulas que nos permitan chegar a un acordo que contemple prezos dignos e remuneradores para produtores e produtoras. **FIN** ■

VIÑO ▶ Medio Rural convocou en xullo senllas mesas do viño baleiras de decisións e de contidos no Ribeiro e en Rías Baixas e volveu deixar pendente o estudo sobre custes

A vendima de 2015 sáldase cun novo abandono de funcións da Consellaría

A pesares da excelencia da vendima e da aplicación da Lei da Cadea Alimentaria, os prezos da uva non experimentaron melloras

Como xa explicamos no Fouce 308, o Sindicato Labrego Galego forzou a Consellaría de Medio Rural a comprometerse a traballar, durante o verán, en aspectos como negociar as condicións da vendima deste ano ou estudar a fixación dos custes de produción no sector vitivinícola coa axuda da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega). Deses compromisos, adoptados o 3 de xullo no Consello Agrario Galego, só se cumpriu a convocatoria de mesas do viño no Ribeiro e en Rías Baixas, ambas intranscendentes e baleiras de contido.

En canto ao aspecto agrícola, a vendima deste 2015 foi moi boa en calidade e cantidade nas diversas denominacións de orixe. En conxunto, ao remate deste Fouce, as previsións apuntaban a superar os 60 millóns de quilos de uva, o que suporía un 20% máis que o ano pasado, xa que a calor e o tempo seco predominantes na primavera e no verán, con algo de choiva en setembro, favoreceron o desenvolvemento e maduración dos acios.

✓ Rías Baixas

Xunto co Ribeiro, foi a única denominación de orixe na que se celebrou unha mesa do viño, despois de que o SLG o solicitase no Consello Agrario Galego. Foi o 23 de xullo, pero estivo condicionada pola falla de contidos e pola ausencia das adegas.

Así as cousas, en Rías Baixas marcou tendencia o modelo de contrato que presentou o grupo Arnoia antes da vendima, pois acabaría sendo seguido por boa

ALBARIÑO	
Ata 11,5%	0,80 €/kg
De 11,6% a 12%	0,85 €/kg
De 12,1% a 12,5%	0,90 €/kg
De 12,6% a 13%	0,95 €/kg
A partir de 13,1%	1,00 €/kg
OUTRAS VARIEDADES UVA BRANCA	
Ata 10,5%	0,60 €/kg
De 10,6% a 11%	0,70 €/kg
De 11,1% a 11,5%	0,75 €/kg
De 11,6% a 12%	0,80 €/kg
De 12,1% a 12,5%	0,85 €/kg
A partir de 12,6%	0,90 €/kg
* PRECIOS + IVA - I.R.P.F.	

Extracto dun contrato de Rías Baixas co prezo máximo para Albariño en 1 euro

parte das cooperativas e adegas. Trátase dun contrato baseado na Lei da Cadea Alimentaria que contempla unha validez de dous anos e o pagamento a 30 días e non ao cabo dun ano ou máis, como se viña facendo até o de agora. Este anticipo de cartos trouxo canda si un forte descenso do prezo da uva, con prezos de 85 céntimos para o quilo de Albariño no Condado e 90 céntimos no Salnés; eses prezos inclúen IVE e retencións, polo que estaríamos a falar dun valor neto inferior aos 80 céntimos, cando na vendima pasada esta mesma uva cotizou ao redor de 1 euro. Para o coordinador comarcal do SLG no Baixo Miño, Salvador Fernández, “as adegas custean o esforzo que lles supón adaptarse á Lei da Cadea Alimentaria e ter que pagar a trinta días sacándolle cartos ao prezo da uva”. Iso si, segue a haber viticultores e viticultoras que aínda non cobraron a vendima de 2014, do mesmo xeito que hai adegas que mantiveron os valores da uva como o ano pasado e mesmo subiron algo.

✓ O Ribeiro

A mesa do viño no Ribeiro celebrouse o 21 de xullo, pero finalizou sen ningún tipo de acordo pois, segundo o responsábel da Dirección do Viño do SLG, Bernardo Estévez, “as adegas non presentaron ningunha proposta nin houbo ningún tipo de negociación colectiva. Aquí asináronse os contratos obrigatorios da Lei da Cadea Alimentaria”. Tampouco a Consellaría achegou no Ribeiro o prometido estudo sobre os custes de produción.

Polo demais, tamén no Ribeiro a colleita foi moi boa, tanto en cantidade -24,6 millóns de quilos, un 25% máis que o ano pasado-, como en calidade, debido á case ausencia de problemas sanitarios grazas ás boas condicións climatolóxicas, dando unha uva moi equilibrada en grao alcohólico e acidez. Na parte negativa, os prezos. 80 céntimos para o quilo de Treixadura de calidade media-alta, que foi o prezo que predominou en case tódalas adegas; en canto ás uvas por debaixo de 11º, tiveron unha redución do valor do 50%.

Para Bernardo Estévez, “esta debería ser unha campaña para aproveitar e facer moi bos viños, vendelos ben, e para que as adegas puidesen pagar as uvas a un prezo digno. Pero non vai ser así. Algunhas adegas farán bos viños, é certo, pero en canto á comercialización e prezos seguiremos igual. A pesares da magnífica vendima, o sector vitivinícola do Ribeiro vai costa abaixo e sen freos. O resultado é que o abandono de viñas está a ser brutal, tendencia que, de seguro, se agudizará o ano que vén”.

✓ Ribeira Sacra e Monterrei

Na Ribeira Sacra, tamén tiveron unha boa vendima en calidade e cantidade, sen problemas sanitarios nas viñas. As previsións iniciais apuntaban a 6 millóns de quilos, o cal supón 1 millón máis que o ano pasado; só na subzona do Bibei houbo problemas polos estragos causados pola saraiba. En canto aos prezos, conta a nosa coordinadora na zona, Belén Ledo, que “aquí non se negocia nada”. De feito, na Ribeira Sacra os prezos tamén estiveron moi influídos polas tendencias marcadas polo grupo Arnoia. Desta vez, foron semellantes aos do ano pasado: ao redor dos 95 céntimos para o quilo de uva de caste e calidade. A pesares da Lei da Cadea Alimentaria, segue a haber adegas que pagan cun ano de atraso.

En Monterrei, pola súa banda, volveron incrementar a produción da denominación de orixe, superando os 4'7 millóns de quilos, un grande aumento se pensamos que en 2014 se apañaron 2'8 millóns. O motivo, a maiores do clima, foi o aumento de superficie amparada de 467 a 531 hectáreas, e a inscrición de 61 viticultores e viticultoras máis na DO, até chegar a 445. **SEGUE ▶**



Medio Rural indigna Valdeorras ao optar pola “tarifa plana” nas multas por excesos

No Fouce 308 (páxina 9), informabamos sobre a apertura e paralización de 178 expedientes de sanción na denominación de orixe Valdeorras por excesos de produción na vendima de 2014. Agora, trala chegada das sancións a finais do verán, os problemas, lonxe de rematar, foron a peor. E é que a Consellaría de Medio Rural incumpriu a súa palabra de aplicar só sancións leves -consistentes na retirada temporal da contraetiqueta-, e decidiu aplicar a tódolos casos unha sanción grave, cunha multa mínima de 2.001 euros.

No Sindicato Labrego Galego constatamos casos sangrantes como o dun afiliado que, con algo máis de 100 quilos de exceso en uva Xerez, que se vendeu a 15 céntimos ese ano, lle caeron iguais os 2.001 € de multa.

Tamén dende o SLG criticamos que, na actual vendima, os controis que se están fixeron sobre a produción en Valdeorras foron excesivos e ocasionaron gastos e traballos extraordinarios aos viticultores e viticultoras. Por exemplo, as adegas obrigaron a entregar separadamente a uva por ca-

da finca rexistrada na denominación de orixe. É dicir, se unha viticultora tiña, por exemplo, os seus viñedos repartidos en seis parcelas, daquela tivo que facer seis viaxes á adega e unha entrega de uva por cada finca, procurando non superar o límite asignado en ningunha das entregas; cando o normal sería que se puidesen agrupar esas viaxes para minimizar o gasto de transporte e poder compensar os excesos de produción dunhas parcelas cos menores rendementos doutras sempre que non se supere a cantidade global de uva que tivese asignada. A coordinadora do SLG en Valdeorras, Ánxeles Rodríguez, explicou que “a xente deixou uva nas viñas por medo a excederse”. Así as cousas, na vendima de Valdeorras deste ano case non houbo incidencias cos excesos.

Polo demais, a calidade da uva deste ano foi moi boa porque, grazas ao clima, case non houbo que darlle tratamentos, polo que é moi sá. En canto aos prezos, as uvas de caste como a Mencía ou a Godello tiveron valores semellantes aos do ano pasado, ao redor de 1 euro por quilo. **FIN ■**

LEITE ▶ A compra realizada pola sociedade limitada Leite Noso non cubre as débedas deixadas por Alimentos Lácteos

Venden en poxa as marcas Deleite e Muuu por 670.000 euros

A nova propietaria está constituída por granxas e alugará a factoría de Pascual en Outeiro de Rei para envasar e producir

As marcas Deleite e Muuu foron vendidas en poxa, no xulgado do mercantil en Lugo, a un grupo de explotacións constituídas como sociedade limitada baixo o nome Leite Noso. Mercáronas por un importe de 670.000 euros e gañaron á oferta presentada por Casa Macán, que tamén estaba interesada en adquirilas.

Segundo informou o xornal dixital Campo Galego, as granxas que constitúen Leite Noso non se quixeron dar a coñecer para evitar posibles represalias das industrias que, na actualidade, lles recollen o leite. Para envasar, alugarán as instalacións de Outeiro de Rei na que operaba Alimentos Lácteos e que, hoxe en día, estás a ser xestionadas por Logística Alimentaria. Neste senso, chegaron a un acordo para, en caso de pre-

cisar máis persoal, contratar persoas que traballaban na factoría e que ficaron desempregadas pola creba da empresa. Tamén chegaron a un acordo para mercarlle leite á organizacións de produtores e produtoras Ulega.

Desta maneira, vén de ser vendido un dos poucos activos con valor que quedaba do desastroso e politizado experimento de Alimentos Lácteos. Os 670.000 euros ingresados non abundarán, nin de lonxe, para pagar a débeda desta empresa capitaneada por políticos do Partido Popular que estaban á fronte de cooperativas como La Arzuana (Eugenio Montero), ou Gancobre (Arcadio López), ambos tenentes de alcalde nos concellos de Touro e A Pastoriza, respectivamente.

Triste final que se levou por diante as propias cooperativas, deixándolles abondosas débedas a un milleiro de explotacións en todo o país e un burato duns 9 millóns de euros nas arcas públicas que nunca se poderán recuperar.



TERRA ▶ Unha ordenanza municipal que regula os cultivos dos terreos da parcelaria na parroquia de Fanoi posibilita que máis da metade se destinen a usos forestais

A base territorial de medio cento de explotacións gandeiras periga en Abadín

Ao non ter rematado o proceso de concentración, o concello invade áreas competenciais de Medio Rural con este regulamento

A comezos de xullo, o Sindicato Labrego Galego da Terra Chá presentaba unha serie de alegacións á ordenanza municipal reguladora dos aproveitamentos agrícolas e forestais da zona de concentración parcelaria de Fanoi, en Abadín (Lugo). Antes de facelo, xa denunciara o escurantismo co que se levou a cabo o proceso de exposición pública dos documentos, motivo que lle levou a pedir tamén a ampliación do período de alegacións para dar tempo a informar toda a veciñanza afectada, que non sabía nada do tema cando estaba a piques de expirar o prazo dun mes para reclamar.

Para o SLG, o máis grave deste regulamento municipal é que lle correspondía elaboralo á Consellaría de Medio Rural e non ao Concello de Abadín, xa que o proceso de concentración parcelaria en Fanoi aínda non rematou, polo que calquera norma que se aprobe ao respecto ten que xurdir da propia Consellaría. En concreto, a Lei de Concentración Parcelaria obriga a que sexa Medio Rural quen redacte un plan de ordenación de cultivos. Isto fai que a ordenanza municipal sobre os usos da parcelaria de Fanoi invada competencias propias da Consellaría.

A raíz de toda a problemática xurdida ao redor deste regulamento, a coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, xunto a representantes da veciñanza de Fanoi, mantiveron unha xuntanza con técnicos da empresa redactora do plan, o 9 de xuño. Para o SLG, esta reunión



serviu para confirmar que a ordenanza non contaba con apoio legal, contraviña a normativa de concentración parcelaria, desprotexía totalmente a terra agraria e non contaba para nada co consenso da veciñanza. En concreto, a ordenanza municipal pretende destinar a usos agrarios o 46'93% da superficie, a forestais o 23'79% e cualifica como terreos de transición o 27'93%. Estes últimos predios son de uso agrario pero susceptibles de mudar a forestal, de maneira que máis da metade dos terreos da parcelaria de Fanoi se poderían destinar a plantíos forestais con este regulamento, o cal é ilegal. Ademais, a ordenanza tamén contempla regularizar as plantacións forestais ilegais que se fixeron nos últimos tempos en terras afectadas pola parcelaria, polo que, entre o reparto de usos e as forestacións, o destino agrario destas terras



corre perigo se non hai un regulamento que o garanta. Isto afectaría a base territorial de medio cento de granxas, tanto de Fanoi como de parroquias veciñas, que son as que actualmente utilizan as terras afectadas por este proceso de concentración parcelaria.

SEGUE ▶

Diversas instantáneas que retratan este conflito: nesta páxina, de arriba cara a abaixo, xuntanza de persoas afectadas pola ordenanza co alcalde e persoal técnico, e revisión dos planos pola veciñanza nun encontro coa empresa redactora do plan; na seguinte, comitiva veciñal coa coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, entregando alegacións no concello

O SLG pide a retirada da ordenanza e que non se perda superficie agraria

De aprobarse, finalmente, a ordenanza municipal, quebrantaríase o espírito da Lei de Concentración Parcelaria, que no seu artigo primeiro di que *“É obxecto desta lei dispoñer a concentración e ordenación dos predios rústicos, co fin de promover a constitución e o mantemento das explotacións cunhas dimensións suficientes e características axeitadas, tentando ampliar a súa superficie territorial, manter e incrementar a capacidade produtiva do campo, ordenando axeitadamente as explotacións agrarias, respectando o medio ambiente, tentando reordenar racionalmente os cultivos baixo a perspectiva da utilidade económica e social, e tendo en conta o obxectivo de fixar a poboación no medio rural, con base en facer rendible a actividade produtiva”*.

Por iso, dende o SLG pedimos “que se retire a ordenanza municipal e que se inste á Consellería do Medio Rural a que regule os usos na concentración parcelaria da parroquia de Fanoi, mediante a dinamización do proceso de concentración e a elaboración dun plan de aproveitamento de cultivos ou forestal. E que, en todo caso, o plan de aproveitamento teña todo o respaldo legal, garantindo que non se perda ningunha superficie agraria e que esta

goce da máxima protección e, por suposto, acadando sempre na súa elaboración o máximo consenso coa veciñanza afectada”.

✓ O concello e a Consellaría de Medio Rural teiman en seguir adiante

Grazas á presión do SLG, o Concello de Abadín convocou a veciñanza afectada nunha xuntanza informativa o 21 de xullo. Neste encontro, amais do alcalde de Abadín, Xosé María López Rancaño, participaron o técnico Víctor Cruz, e o responsábel provincial de Medio Rural, Ramón Losada, que estivo acompañado por unha avogada da Consellaría.

Para o SLG, esta xuntanza foi un simple lavado de cara da Consellaría de Medio Rural e só serviu para que as cousas sigan como estaban. De feito, o Concello non ampliou o período de alegacións, tal e como pedimos. Dende o Sindicato Labrego Galego xa advertimos que imos utilizar tódolos recursos legais dos que dispomos para defender que o uso principal dos terreos da concentración parcelaria de Fanoi sexa, fundamentalmente, agrario, de maneira que sirvan para garantir a base territorial e o futuro do medio cento de granxas que traballan actualmente estas terras. **FIN ■**

APICULTURA ▶ Oficialmente, foi detectada en 125 concellos, aínda que AGA afirma que hai máis

O control da avespa velutina váiselle das mans a Medio Rural e xa hai niños nun terzo do territorio galego

Os últimos datos da Consellaría de Medio Rural revelaron a presenza de avespa velutina en 125 concellos galegos coa presenza de niños que poden ter poboacións de até 15.000 insectos. En total, recibíronse 4.159 avisos de detección de niños de avespa velutina no que vai de 2015, dos cales foron retirados uns 1.300. En concellos como Cambre, retiráronse 70 niños en tres meses. Ao igual que o ano pasado, as bisbarras máis afectadas son litorais: Baixo Miño, A Mariña, Ortegal, A Coruña e Ferrol. E os datos poderían sen aínda peores, advertiron dende a Asociación Galega de Apicultura (AGA), xa que, segundo o seu presidente, Xesús Asorey, “son moitos máis niños e moitos máis municipios afectados dos que se din oficialmente porque moitos dos enxames son imposibles de ver ou localizar”.

Precisamente, AGA foi moi crítica coa ineficacia da Consellaría de Medio Rural para controlar unha situación que “empeora a cada día mentres seguimos esperando unha xuntanza para deitar luz sobre a problemática, coordinar unha resposta e levar a cabo medidas urxentes”, ao tempo que causa serios problemas aos sectores apícola e froiteiro. Ademais, uns corenta concellos afectados xa pediron á Consellaría que se poña a traballar en serio con este problema.

O 28 de xullo, Asociación Galega de Apicultura solicitou unha reunión coa Consellaría do Medio Rural polo problema da avespa velutina. Posteriormente, houbo unha xuntanza de AGA cos representantes dos concellos afectados en San Sadurniño no mes de agosto. As críticas contra a actuación da Xunta e a demanda de máis medios e investigación para controlar a praga foron as opinións maioritarias da reunión, na que participaron representantes de máis de 20 concellos e membros de AGA. As persoas asistentes acordaron realizar un documento para ser aprobado polos concellos de Galicia nos que está confirmada a presenza da praga e remitilo á Consellaría de Medio Rural.





Seguro para o gando vacún reprodutor e de recría de leite e carne // Novidades na Liña 102

A **LIÑA 102**, de acordo co Plan Anual de Seguros Agrarios do ano **2015**, pretende garantir o gando vacún reprodutor e de recría de leite e carne. Cóbreanse os danos que sufran os animais cando sexan consecuencia de riscos incluídos nalgunha das garantías contratación.

É un seguro dirixido a gandeiros e

gandeiras (persoas físicas ou xurídicas) con **animais bovinos reprodutores e recrías de leite e carne**, titulares dun libro de rexistro de explotación.

Trátase dun **seguro subvencionado** pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (**Enesa**) así como pola Comunidade Autónoma.

É un seguro flexible que permite ao gandeiro ou gandeira escoller a garantía básica que máis se adapta ás necesidades da súa explotación.

Do mesmo xeito, conta cunha serie de garantías adicionais para cumprir a opción básica de aseguramento, no caso de ser de interese para o gandeiro ou a gandeira.

GARANTÍAS BÁSICAS A CONTRATAR

OPCIÓN A

Accidentes, morte masiva, febre aftosa e EEB

OPCIÓN B

OPCIÓN A + complicacións do parto

OPCIÓN C

OPCIÓN B + mamite en explotacións lácteas: **mamite traumática (incontinencia láctea en 1 ou máis pezóns), mamite séptica (pérdida de 1 ou máis cuarteróns), mamite con presenza de fungos e levaduras, e morte por mamite hiperaguda.**

GARANTÍAS ADICIONAIS

- ✓ Síndrome respiratoria de bovino en recría (SRB)
- ✓ Enfermidades
- ✓ Meteorismo
- ✓ Carbunco
- ✓ Saneamento gandeiro
- ✓ Pasteiros invernales e estivais

- ✓ Incrementase o valor dos animais con Indicación Xeográfica Protexida (IXP)
- ✓ Nova cobertura para opción A e B: Brote de mamite clínica
- ✓ Se desexas máis información sobre esta liña de seguros, ou sobre cobertura en calquera outro sector agrogandeiro, achégate á oficina do SLG da túa comarca e informáremoste sen compromiso

CARNE DE VACÚN ▶ A media por quilo caeu uns 50 céntimos no último semestre, con cotizacións de 3'50 euros na carne de xatos con máis de 10 meses en Tenreira Galega

A caída do consumo afunde os prezos da carne de vacún en valores de crise

O previsible aumento de custes pola seca, sumado ao recorte de axudas e á depreciación, fai perigar a renda das granxas

O 2015 está a ser un ano preocupante para a produción de carne de vacún na Galiza debido a unha caída continuada dos prezos dende xaneiro. Se nos atemos ás táboas de prezos publicadas pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega, na categoría suprema os prezos medios tiveron un pico en decembro de 2014, con 4'94 euros/quilo, para ir caendo até uns valores que, en xullo deste ano, andan ao redor dos 4'50 euros; estes valores baixan ao redor de 1 euro por quilo para a carne de tenreira de máis de 10 meses. E isto preocupa nun sector que, durante o ano pasado, se foi recuperando da crise vivida entre 2009 e 2013 e agardaba esperanzado a chegada do verán, cando medra o consumo e aumentan os prezos.

A maiores, habería que engadir o factor extraordinario da seca, que está a diminuír a produción de forraxes e cereais e, polo tanto, traducirase nun aumento dos gastos destinados a alimentación do gando, tal e como xa está a acontecer coa palla de cebada.

A esta difícil conxuntura, súmanse decisións políticas lesivas co sector que se tomaron recentemente, como os fortes recortes nas axudas do Contrato de Explotación Sostible (CES), que se traduciron na perda de miles de euros para o meirande das granxas deste sector que, normalmente, están situadas en zonas desfavorecidas de montaña e que deben loitar contra desvantaxes e atrancos compa-

rativos de todo tipo, con respecto a explotacións doutras comarcas, para poder seguir producindo alimentos; e que só na IXP Tenreira Galega ascenden a unhas 7.600.

Con estes vimbios, as previsións é que as rendas das explotacións de vacún de carne galegas se vexan moi minguadas neste 2015.

✓ O sacrificio de vacas de leite non debería influír

Sobre a posibilidade de que a caída de prezos poida deberse ao aumento do sacrificio de vacas de leite debido á crise no sector lácteo, o responsable do sector da carne de vacún no SLG, o gandeiro Xosé Luís López Galán, opina que non é un factor que xustifique a situación actual, pois “a carne de vacas de leite vai, maioritariamente, para fóra de Galiza e non debería influír moito no mercado interno galego”. Para Galán, a crise económica segue a impactar notablemente no consumo dunha carne que, pola súa calidade e custes de produción, segue a resultar cara para moitas econo-



mías domésticas. “Eu teño falado con moitas carnicerías”, explica, “e o problema é que non venden. A xente decantouse por carnes máis baratas, como a de polo, e a tenreira élle cara par o nivel adquisitivo actual”.

✓ Posible cambio de tendencia no outono

Chegados ao outono, os prezos da carne de vacún comezaron a amosar síntomas de mellora. Ao peche deste Fouce, o 14

de outubro, subía o valor da Tenreira Galega Suprema no mercado de Amio por terceira semana consecutiva.

Así, a Tenreira Galega Suprema cotizábase nun abano de prezos entre os 4'90 e os 4'40 euros dependendo da categoría, mentres que a Tenreira Galega de cebadeiro entre os 4'64 e os 4'25 euros. En canto aos becerros que non cumpriron os 10 meses, os valores estaban entre 3'85 e 3'75 euros.

Inexistencia de medidas políticas efectivas para apoiar o sector

En canto ás medidas políticas que se deberían tomar para facerlle fronte a situacións de crise como a vivida en 2015, pasan por reunir aos axentes do sector para negociar uns prezos mínimos en orixe que garantan a cobertura dos custes de produción, aínda que sen chegar a niveis que poidan repercutir nunha posible caída do consumo por mor do prezo final. A promoción, a compra pública para comedores escolares e hospitais, o control da fraude ou a mellora das axudas públicas directas destinadas a garantir a continuidade das granxas en zonas desfavorecidas ou con producións de calidade son medidas positivas que se poderían emprender dende a Administración.

Isto é posible, tal e como demostraron a finais de xullo en Franza, onde a caída das rendas e os baixos prezos en sectores como o da carne de vacún, o leite ou o porcino acadaron a categoría de problema de Estado e forzaron a posta en marcha dun ambicioso plan de axudas.

Dende o SLG, instamos ao Ministerio de Agricultura e á Consellaría de Medio Rural a que non releguen a un segundo plano ao sector da carne de vacún, e que emprendan medidas efectivas como as devanditas para defendelo, xa que da súa continuidade depende directamente a estrutura social e económica en amplas zonas desfavorecidas da Galiza.

PDR ▶ Trátase de axudas a zonas desfavorecidas do PDR 2007-2013

As granxas galegas perden 758.000 € de fondos europeos pola incompetencia de Medio Rural

O Ministerio de Agricultura terá que devolver 757.968 € a Bruxelas correspondentes a axudas agrícolas que foron concedidas a zonas con dificultades naturais de Galiza. A decisión foi tomada en xullo polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que desestimou un recurso presentado polo Goberno do Estado.

As granxas damnificadas son todas galegas e recibían estas axudas por desenvolver o seu traballo en zonas desfavorecidas. Estamos a falar de subvencións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009 e financiadas a cargo do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2007-2013.

Todo comezou en 2013, cando a Comisión Europea detectou irregularidades no control das esixencias para a concesión de axudas. O ditame do tribunal acusa ao Estado Español de non ter realizado controis sobre o terreo das explotacións beneficiadas polas axudas. As normas comunitarias esixen un control sobre o terreo do cumprimento dos compromisos e obrigas relativos ao mantemento dunha determinada carga gandeira. Sen embargo, a responsábel de realizar ese control -neste caso concreto, a Consellaría de Medio Rural-, limitouse a aplicar os controis propios do réxime de axudas por superficie e a facer simples comprobacións documentais e inspeccións visuais nalgúns parcelas previamente seleccionadas pola inspección; cando debían facer recuento dos animais para certificar que non superaban a carga gandeira esixida para poder cobrar as axudas.

PATACA ▶ As altas temperaturas e as noites cálidas do verán que se deron na comara favoreceron o medre das plantas en detrimento dos tubérculos

A caída na colleita da Limia estabiliza o prezo da pataca nesta campaña

Os valores baixo contrato oscilan entre os 15 e 20 céntimos e agárdase que mesmo medren a partir do mes de decembro

Este ano, a colleita de pataca na Limia trae unha de cal e unha de area. Por unha banda, baixarán os rendementos, o cal leva aparelado, por outra banda, que os prezos tendan a subir por haber menos oferta. A principal razón desta caída na produción de pataca foi a seca e, especialmente, as altas temperaturas. Aínda que pataca é un cultivo de regadío, as o exceso de calor fixo que a auga da rega tivese unha evaporación moi rápida e que as noites fosen moi cálidas, cando a pataca precisa, para un bo desenvolvemento, días calorosos e noites frescas. As altas temperaturas nocturnas fixeron que medrasen máis as plantas en detrimento dos tubérculos. Polo demais, no aspecto sanitario non houbo problemas grazas, precisamente, ao tempo seco.

Os rendementos variaron dunha finca a outra, pero, segundo estimacións dun dos coordinadores comarcais do SLG na Limia, Anxo Pérez Rúa, podemos estimar que, de media, a produción podería caer un 20%. En canto aos prezos, no inicio de campaña estase a vender a pataca cos prezos de contrato, entre 15 e 20 céntimos o quilo, valores que están dentro da normalidade. As previsións de colleita de pataca, tanto no Estado como no resto de Europa, son á baixa. Isto suporá que veña menos pataca de fóra e que, polo tanto, os prezos se manteñan ou suban.

Agora mesmo, está entrando xa a pataca temperá do sur e aínda seguen a comercializarse patacas refrixeradas francesas



As patacas deste ano viñeron con moi boa calidade pero cunha mingua de calibre

da campaña pasada, polo que os prezos non poderán mellorar até que avance a campaña, de cara a decembro. Sen embargo, este feito socava a credibilidade do produto diante de consumidores e consumidoras, xa que

mercan pataca refrixerada pensando que é nova, xa que veñen lavadas e cepilladas e cun bo aspecto externo, e ao cociñalas descubren que non cocen ben nin serven para fritir, tendo moitos problemas de podremia.

Annus Horribilis para o cereal

No cultivo de cereais a cousa cambia, pois a actual campaña foi un auténtico desastre. Como estamos a falar dun cultivo que é de secaño, o cereal veu roto o seu ciclo de crecemento pola seca. Hai leiras nas que non pagou a pena nin recoller o cereal de primavera. O cereal de inverno deu algo, pero non salvou a campaña. As perdas medias foron de máis do 50%, aínda que hai fincas que superan esta porcentaxe.

A media produtiva de trigo na Limia anda nos 1.500 quilos por hectárea, mentres que o prezo medio actual do trigo vira ao redor dos 20 céntimos; iso danos un rendemento económico de 300 € por hectárea. Daquela, se facemos un cálculo a partir dun 50% de perda, unha explotación que teña entre 30 e 50 hectáreas cultivadas perderá de ingresar nesta campaña entre 4.000 e 8.000 euros, cando os custes de produción -gasóleo, semente, etc.- foron os mesmos que outros anos.

COELLOS ▶ Os valores en orixe na lonxa de Silleda chegaron a caer por baixo de 1'30 euros en agosto, cando os custes de produción sitúanse en 1,80

O sector cunícola pide solucións ao Ministerio diante da crise de prezos

O responsábel sectorial en COAG, Xosé Luis Santaclara, denuncia a grande indefensión das explotacións

O sector cunícola de COAG solicitaba, a finais de setembro, unha reunión urxente ao Ministerio de Agricultura para estudar unha serie de medidas que eviten a creba das explotacións familiares diante da importante caída de prezos que arrastra o sector dende comezos de 2015, que está obrigando a produtores e produtoras a vender por baixo de custes. Ademais, pediuse que no encontro participe a Axencia de Información e Control Alimentario (AICA) para poñer sobre a mesa as reiteradas infraccións da Lei da Cadea Alimentaria que o sector cunícola de COAG ten denunciado.

“As granxas de coellos estamos a vivir unhas circunstancias inaceptábeis, como a negación de determinados matadoiros para absorber a produción das súas zonas de influencia, a inexistencia de contratos ou incumprimentos das condicións pactadas nos mesmos, razóns que dificultan aínda máis a negociación duns prezos dignos. Sentimos unha grande indefensión”, subliñou o responsábel do sector cunícola de COAG, o galego Xosé Luís Santaclara.

Pola súa banda, a grande distribución continúa coa súa política de escasa valoración da carne de coello, financiando coas perdas das granxas a súa estratexia comercial de baixos prezos. “Hai que reverter o proceso de formación de prezos na cadea de valor da carne de coello, para que este se forme de abaixo a arriba, considerando as

marxes de rendibilidade de cada un dos elos. O noso futuro pasa pola rendibilidade, xa que a produción de carne de coello é un sector económico moi importante para o medio rural do que dependen máis de 35.000 familias de maneira directa e miles de postos de traballo de maneira indirecta”, lembrou Santaclara. Neste senso, o responsábel cunícola de COAG cualificou de vergoñento o último informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) no que avala a venda a perdas. “O que realmente prexudica aos consumidores e consumidoras é o peche de explotacións no seu entorno e o aumento das importacións de terceiros países, cuxos métodos de produción están moi afastados dos altos estándares en materia de calidade, seguridade alimentaria e benestar animal da Unión Europea”, concluíu.

Na táboa de prezos podemos comprobar que Galiza padece un dos niveis de prezos máis baixos do Estado

www.asescu.com						HISTÓRICO DE PRECIOS MEDIOS DE LONXA DEL CONEJO JOVEN				
Semana del	Madrid	Silleda	MonCun	Promedio	Semana Nº	Semana	2013	2014	2015	Semana
28/09/2015	1,60 €	1,57 €	1,80 €	1,66 €	40	1	1,73 €	1,87 €	1,61 €	1
21/09/2015	1,60 €	1,57 €	1,76 €	1,64 €	39	2	1,73 €	1,87 €	1,61 €	2
14/09/2015	1,50 €	1,47 €	1,67 €	1,55 €	38	3	1,73 €	1,77 €	1,61 €	3
07/09/2015	1,50 €	1,47 €	1,58 €	1,52 €	37	4	1,73 €	1,77 €	1,61 €	4
31/08/2015	1,30 €	1,27 €	1,49 €	1,35 €	36	5	1,73 €	1,77 €	1,61 €	5
24/08/2015	1,30 €	1,27 €	1,40 €	1,32 €	35	6	1,73 €	1,77 €	1,61 €	6
17/08/2015	1,30 €	1,27 €	1,40 €	1,32 €	34	7	1,73 €	1,77 €	1,49 €	7
10/08/2015	1,30 €	1,27 €	1,36 €	1,31 €	33	8	1,73 €	1,77 €	1,49 €	8
03/08/2015	1,30 €	1,27 €	1,38 €	1,32 €	32	9	1,87 €	1,77 €	1,61 €	9
27/07/2015	1,30 €	1,27 €	1,40 €	1,32 €	31	10	1,97 €	1,87 €	1,61 €	10
20/07/2015	1,30 €	1,27 €	1,43 €	1,33 €	30	11	1,97 €	1,87 €	1,61 €	11
13/07/2015	1,40 €	1,37 €	1,43 €	1,40 €	29	12	1,97 €	1,87 €	1,61 €	12
06/07/2015	1,40 €	1,37 €	1,43 €	1,40 €	28	13	1,97 €	1,87 €	1,61 €	13
29/06/2015	1,40 €	1,37 €		1,40 €	27	14	1,97 €	1,87 €	1,61 €	14
22/06/2015	1,40 €	1,37 €		1,40 €	26	15	1,87 €	1,77 €	1,61 €	15
15/06/2015	1,40 €	1,37 €		1,40 €	25	16	1,87 €	1,77 €	1,50 €	16
08/06/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	24	17	1,87 €	1,77 €	1,50 €	17
01/06/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	23	18	1,82 €	1,77 €	1,50 €	18
25/05/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	22	19	1,82 €	1,67 €	1,50 €	19
18/05/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	21	20	1,82 €	1,67 €	1,50 €	20
11/05/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	20	21	1,82 €	1,67 €	1,50 €	21
04/05/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	19	22	1,82 €	1,67 €	1,50 €	22
27/04/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	18	23	1,82 €	1,67 €	1,50 €	23
20/04/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	17	24	1,82 €	1,67 €	1,40 €	24
13/04/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	16	25	1,82 €	1,77 €	1,40 €	25
06/04/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	15	26	1,92 €	1,77 €	1,40 €	26
30/03/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	14	27	1,92 €	1,77 €	1,40 €	27
23/03/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	13	28	1,92 €	1,77 €	1,40 €	28
16/03/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	12	29	1,92 €	1,77 €	1,40 €	29
09/03/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	11	30	1,92 €	1,61 €	1,33 €	30
02/03/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	10	31	1,92 €	1,61 €	1,32 €	31
23/02/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	9	32	1,92 €	1,66 €	1,32 €	32
16/02/2015	1,50 €	1,47 €		1,50 €	8	33	1,92 €	1,71 €	1,31 €	33
09/02/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	7	34	1,92 €	1,73 €	1,32 €	34
02/02/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	6	35	1,92 €	1,76 €	1,32 €	35
26/01/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	5	36	2,05 €	1,76 €	1,35 €	36
19/01/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	4	37	2,05 €	1,76 €	1,52 €	37
12/01/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	3	38	2,05 €	1,76 €	1,55 €	38
05/01/2015	1,62 €	1,59 €		1,62 €	2	39	2,17 €	1,76 €	1,64 €	39
29/12/2014	1,62 €	1,59 €		1,62 €	1	40	2,14 €	1,86 €	1,66 €	40
15/12/2014	1,62 €	1,59 €		1,62 €	51	41	2,22 €	1,86 €		41
08/12/2014	1,75 €	1,72 €		1,75 €	50	42	2,22 €	1,86 €		42
01/12/2014	1,75 €	1,72 €		1,75 €	49	43	2,22 €	1,86 €		43
24/11/2014	1,75 €	1,72 €		1,75 €	48	44	2,22 €	1,86 €		44
17/11/2014	1,75 €	1,72 €		1,75 €	47	45	2,22 €	1,86 €		45
10/11/2014	1,75 €	1,72 €		1,75 €	46	46	2,22 €	1,74 €		46
03/11/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	45	47	2,22 €	1,74 €		47
27/10/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	44	48	2,22 €	1,74 €		48
20/10/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	43	49	2,22 €	1,74 €		49
13/10/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	42	50	2,22 €	1,74 €		50
06/10/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	41	51	1,87 €	1,61 €		51
29/09/2014	1,87 €	1,84 €		1,87 €	40					

Dende 2007 pecharon máis de 2.000 granxas no Estado, o que supón o 37%

Os prezos en orixe do coello levan meses caendo en picado, situándose, en moitos casos, por baixo dos custes de produción, o que provoca abondosas perdas económicas mensuais para as granxas. Xa en 2014, o prezo medio do coello, segundo o Ministerio de Agricultura, situouse en 1'77 euros por quilo vivo, lonxe da media dos dous últimos anos e por baixo dos prezos medios do ano 2012 (1'84 euros) e 2013 (1'94 euros). Na actualidade, o prezo medio rolda os 1'50 euros por quilo vivo, aínda que no verán caeu por baixo dese valor, manténdose na lonxa de Silleda a súa cotización entre 1'27 e 1'37 euros. Segundo un estudo desenvolvido pola interprofesional IN-

TERCUN, o custe de produción medio estimado no sector cunícola en 2014 situouse en 1'80 euros por quilo vivo, o que obriga ao sector a vender a perdas. Se botamos contas, con prezos de 1'37 euros pérdense uns 94 céntimos por coello. Desta maneira, unha granxa media de 600 nais ten 3.500 euros menos de facturación por cada lote, é dicir, deixa de ingresar 34.000 euros ao ano. Esta crítica situación obrigou a moitas granxas a pechar diante da imposibilidade de facer fronte a anos de perdas e débedas. Así, mentres que no ano 2007 contabilizáronse 5.195 granxas cunícolas, en 2014 o número de explotacións reduciuse até as 3.315, o que dá unha perda do 37%.

CATASTRO ▶ Están afectados municipios chairegos como Vilalba, Abadín, Xermade, Cospeito, Muras e Guitiriz

Campaña na Terra Chá para paliar o impacto das revisións catastrais no agro

O Sindicato Labrego Galego solicitou xuntanzas cos gobernos de tódolos concellos afectados para o mes de setembro

A comezos de xullo, o Sindicato Labrego Galego da Terra Chá pedíalle ao Concello de Vilalba que instase á Xerencia do Catastro a deixar sen efecto as taxas de regularización catastral nas obras agrarias que estean acollidas ao proceso de regularización. Pouco despois, estendía esta iniciativa a outros concellos da comarca como Abadín, Xermade, Cospeito, Muras e Guitiriz. A pesares de que a estes concellos non chegaron aínda as cartas avisando da revisión catastral, está previsto que isto aconteza en breve ao estaren inmersos nun proceso semellante ao que xa houbo en Vilalba. En concreto, en Abadín, Xermade e Cospeito comezou o 4 de novembro de 2014 e rematará o vindeiro 30 de outubro; mentres que en Muras e Guitiriz, o proceso botou a andar o 26 de xuño para concluír o 30

de xullo de 2016. Dentro desta campaña do SLG, solicitáronse xuntanzas con todos estes concellos para tratar a cuestión a partir de setembro.

Un dos motivos para solicitar esta exención é a dramática situación pola que está a pasar o sector leiteiro, maioritario na Terra Chá, con prezos por baixo dos custos de produción e mesmo con granxas ás que ameazaron con deixar de recollerlles o leite. Nestas circunstancias, resultaría inviable para moitas explotacións pagar as taxas de regularizar bens inmobles que non estean dados de alta no Catastro -60 euros por cada unha- así como pagar o Imposto de Bens Inmobles (IBI) dos últimos catro anos que tería dereito a cobrar o concello. Hai que ter en conta que, agora mesmo, hai granxas que non dan pagado tódalas facturas que teñen a fin de mes, como para engadir outras máis na súa conta de débedas.

Como xa se puido ver en concellos como Vilalba, as actualizacións catastrais supoñen, no caso concreto das construcións para usos agrogandeiros, taxa-



Coas revisións catastrais, calquera galpón pode rexistrarse como un ben inmovible polo que se deben pagar impostos como o IBI e as taxas se non está regularizado

cións decotío por riba do valor real da obra, o que se traduce nun aumento dos impostos aos que terán que facer fronte as granxas, e mesmo a perda de becas de estudo para as familias

en caso de que teñan bens inmobles cuxo valor supere os 13.000 euros por unidade familiar, algo que pode ser doado en naves para o gando de tamaño grande.

O SLG pide exencións e bonificacións para inmobles rurais e agrarios

Outra das peticións do Sindicato Labrego Galego é que se abra un servizo extraordinario de información á cidadanía nos diversos concellos con este tema para que, quen queira, poida informarse de como lle afecta ás súas propiedades a revisión catastral.

Dende o SLG lémbrese que “a lexislación de facendas locais conta con mecanismos para facer valer os intereses da poboación rural que se dedica á actividade agrogandeira, como é o caso de exencións e bonificacións a través das oportunas ordenanzas, sempre no marco das súas competencias”. De aí que nos escritos presentados tamén se pida que se apliquen as exencións ou bonificacións de oficio que correspondan para as vivendas do rural e para as construcións agrarias.



MEDIO AMBIENTE ▶ Trátase dun herbicida deseñado por Monsanto e clasificado como potencialmente canceríxeno

Campaña contra o uso de glifosato na Galiza

A Plataforma Fumigacións Non, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, iniciou en setembro unha campaña baixo o nome #LibresDeGlifosato. Esta acción consiste en presentar mocións nos concellos para paralizar o uso de herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos.

Para participar nesta campaña, o único que tedes que facer é descargar un modelo de moción da propia web do SLG¹ e seguir as instrucións para rexistrala nos vosos concellos. A intención é sumar o maior número posible de municipios declarados libres de glifosato na Galiza.

INCENDIOS FORESTAIS ▶ Os sindicatos obreiros culpan á Xunta pola precarización no traballo dos bombeiros forestais, cuxo número reduciuse á metade en outono

A terra queimada por lumes forestais na Galiza cuadruplicouse no ano 2015

Preténdese que o maior número posible de concellos galegos deixen de utilizar este perigoso agroquímico

O 30 de setembro rematoulles o contrato ao 23% dos traballadores do Servizo Público de Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF) e, durante o mes de outubro, deixou de traballar outro 33% correspondente a traballadores descontinuos de nove meses. Desta maneira, o xa escaso operativo para prevención e extinción de lumes forestais na Galiza quedou reducido a menos da metade no outono, polo que agora existe unha grande vulnerabili-

dade en caso de incendio. CIG, CCOO, UXT e CSIF denunciaron que, a finais de setembro, ardera na Galiza o cuádruplo de superficie que en 2014.

Dende o Sindicato Labrego criticamos, unha vez máis, que a Xunta gasta cada ano máis de 100 millóns de euros nos servizos de extinción, no canto de promover actividades en positivo que xeren emprego todo o ano como as agrarias, ambientais ou turísticas, por poñer tres exemplos, que poden favorecer a permanencia dun territorio ordenado. E para termos un territorio ordenado, cómpre poñer couto ás forestacións ilegais de terras agrarias, á degradación da paisaxe e do medio natural e ao abandono.



Manifestación de bombeiros e bombeiras forestais este verán fronte á Xunta

A existencia dun operativo totalmente insuficiente, segundo denuncian as diferentes centrais sindicais, supón ademais

un grave risco de lumes no outono, nunha campaña na que xa ardeu catro veces máis superficie ca no ano anterior



Curso en Lourenzá para perfeccionar o enxerto de xemas en froiteiras

O pasado 12 de setembro, celebrouse en Vilar (Santo Adrao, Lourenzá) un curso de fruticultura centrado nos enxertos de xemas. As persoas asistentes deron continuidade a xornadas formativas pasadas practicando os enxertos nos

patróns de maceiras e pereiras que deixaron plantados no inverno. Desta vez, foron seis horas de traballo nunha actividade que estivo parcialmente financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).



Unha trintena de persoas obtén na Limia o certificado de riscos laborais

O Sindicato Labrego da Limia celebrou un curso sobre prevención de riscos laborais no agro, o 30 de xullo, que se desenvolveu no propio local do SLG en Xinzo. En total, asistiu unha trintena de afiliados e afiliadas. A aula, que durou dúas

horas, foi impartida por profesorado de Fraternidade Muprespa, e nela tocáronse temas como manexo de tractores, fitosanitarios, almacenamento, animais, ferramentas, pesos, etc. Tódalas persoas asistentes levaron cadanseu diploma.

Os riscos laborais no agro derivados da climatoloxía

As condicións meteorolóxicas son tamén un importante factor de risco nas actividades agropecuarias, pois o meirande delas realízanse ao aire libre. Diante de fenómenos habituais como o exceso de frío ou de calor, ou doutros máis excepcionais coma os trebóns, deberemos tomar as necesarias precaucións que, de seguido, comentamos.

As condicións meteorolóxicas son tamén un importante factor de risco nas actividades agropecuarias, pois o meirande delas realízanse ao aire libre. Diante de fenómenos habituais como o exceso de frío ou de calor, ou doutros máis excepcionais coma os trebóns, deberemos tomar as necesarias precaucións que, de seguido, comentamos.

LÓSTREGOS, XEADAS E INSOLACIÓN.

A actividade física das persoas xera unha calor que o propio organismo acumula. A magnitude desa calor pode ser moi importante no caso de que a persoa en cuestión realice unha actividade física intensa e, no referente á capacidade de agredir a integridade do organismo. Esta calor de orixe interna non se diferencia en nada da que provén do entorno. Cando se pretende analizar o risco para a saúde derivado dunha situación agresiva, a agresión debe ter en conta tanto as características térmicas do ambiente como a intensidade do traballo realizado.

► Medidas preventivas fronte á calor

- ✓ Beber con frecuencia auga ou calquera outra bebida non alcohólica e tomar sal abondo nas comidas.
- ✓ Manter a pel sempre limpa para facilitar a transpiración.
- ✓ Cubrirse a cabeza cun sombreiro ou pucha cando se traballe ao sol.
- ✓ Realizar breves descansos cada dúas horas, tomando algún alimento e bebendo auga.
- ✓ En caso de insolación ou de esgotamento por calor, débese chamar ao centro médico. Mentres chega o doutor ou a doutora, hai que levar á persoa afectada a un lugar sombrío e fresco, darlle de beber auga con algo de sal, afrouxarlle a roupa e pórle compresas frías na cabeza.

RISCOS DERIVADOS DO FRÍO

A exposición ao frío intenso, aínda que se trate de períodos breves, pode producir conxelación. A conxelación localízase preferentemente na periferia do corpo, sendo as zonas máis afectadas as fazulas, o nariz e as orellas, xa que o rostro non acostuma cubrirse. Os dedos das mans e as dedas dos pés tamén poden sufrir conxelación.

Outra forma de lesión local por frío é o pé de trincheira, proceso orixinado pola exposición crónica a baixas temperaturas, o cal se ve agrava con calzado axustado.

A máis grave consecuencia da exposición ao frío é a hipotermia, que consiste nunha perda de calor corporal. A diminución da temperatura cerebral produce confusión, seguida de incoordinación, incapacidade para manter o ritmo de traballo e letarxia. En casos extremos e raros, pode sobrevivir a

Financiado por:

XUNTA
DE GALICIA

morte. O risco que comporta a exposición ao frío depende de dúas variábeis: a temperatura do ar e a velocidade do vento. Canto máis baixa sexa a temperatura e máis alta a velocidade, maior será o risco.

► Medidas preventivas fronte ao frío

- ✓ Cómpre utilizar roupa de abrigo e luvas axeitadas. Os pés e a cabeza son as partes do corpo máis expostas ao frío.
- ✓ Débese procurar manter os pés sempre secos e protexidos con calzado de abrigo e impermeábel á auga.
- ✓ Protexer a cabeza cun pucho de la ou outra prenda similar.
- ✓ Si hai síntomas de conxelación deberase proceder da seguinte forma: levar á persoa accidentada a un lugar morno e abrigala, avisar ao médico, darlle bebidas quentes con azucre pero sen alcohol, evitar quentar a zona xeadada e vendar as bochas en caso de que aparezan.

LÓSTREGOS

- ✓ Nunca situarse embaixo ou preto dun tendido eléctrico, xa que existe un grave risco de electrocución.
- ✓ Non circular co tractor e evitar situarse en lugares elevados.
- ✓ Non abeirarse baixo unha árbore illada, nin en covas húmidas, nin xunto a cursos de auga, nin preto dun arame.
- ✓ Resgardarse en masas mestas de árbores -como bosques-, dentro dun coche pechado ou en edificios con pararraios.
- ✓ Nunha cabana, é conveniente pechar ben as portas e xanelas para evitar as correntes de ar, xa que o ar ionizado pode producir descargas eléctricas.



MARCHAS DA DIGNIDADE ► Varias columnas volverán confluír en Compostela contra as políticas de recortes

O 24 de outubro volvemos tomar a praza do Obradoiro

As Marchas da Dignidade convocaron unha nova andaina en Compostela para encher a praza do Obradoiro. Será o 24 de outubro e está apoiada por máis de sesenta organizacións entre as que se atopa o SLG. Previamente, o 8 de outubro, houbo concentracións de denuncia nas sete cidades galegas.

Dende as Marchas quérese incidir na necesidade de que a cidadanía e os movementos sociais críticos co sistema económico actual e coas políticas de recortes manteñan a súa capacidade de actuación conxunta con independencia dos resultados das Eleccións Xerais do 20 de decembro.

CRIMINALIZACIÓN DA PROFESIÓN LABREGA ▶ Vilar de Ousón, na parroquia de Cruzul (Becerreá), ten unha soa pista de acceso. Por ela só circulan os vehículos que teñen as cinco familias que aínda viven na aldea, camiñan veciñas e veciños e transitan os rabaños de vacas das poucas granxas que aínda quedan en activo e que foi o medio de vida, xeración tras xeración, das familias que aquí moraron. Por iso, cando a Nonito o parou este verán a Garda Civil de Tráfico, non daba creto ao que lle estaba a acontecer.

Multas a vacas: o paso do desprestixio á criminalización da gandería

Nonito, como fixo durante toda a súa vida, e como fixeron tamén os seus devanceiros e agora seu fillo Xosé Antonio e a súa nora Carme, levaba as 22 vacas da familia pacer aos prados, ben guiadas polo seu caxato e os tres cans pastores que o acompañaban. E facíao por esa única pista que une Vilar de Ousón co resto do mundo. Pero os axentes da benemérita entenderon que levar o rabaño como o levou toda a vida era ilegal e multárono con 80 euros. Seica as vacas debían ir acompañadas por tres persoas, cada unha con chaleco reflector, e os cans con buceira. “Esa pista é a única vía pola que podemos levar as vacas pacer aos prados”, explica Xosé Antonio, fillo de Nonito. “Se levamos os cans con buceira, entón non valen para nada. En canto ao de ir tres persoas, xa caro custa vivir das vacas actualmente, que non nos dan suficiente para vivir, como para contratar xente para levarlas pacer. Se temos que facer iso, é mellor vender todo e pechar a explotación”.

O máis absurdo desta situación é que miles de familias en Galiza levan, dende antes que existisen os vehículos motorizados e a Garda Civil, as vacas pacer aos prados, polo que non se entende que agora teñan que sufrir unha persecución policial por facelo. “Non ten sentido”, queixase Xosé Antonio. “Se das unha volta polas parroquias de Becerreá ou dos municipios da contorna, en cada lugar e aldea vas atopar rabaños. Por aquí teñen moito máis perigo as persoas da vila que pasean en gru-

pos e camiñan polo medio e medio das pistas. Os veciños xa estamos afeitos e circulamos con moita precaución”.

✓ Unha parroquia onde non se multan as agras forestadas

O Sindicato Labrego Galego ten que criticar, unha vez máis, o feito de que as diversas administracións se confabulen para facer da actividade agrogandeira unha carreira de obstáculos da que cada vez é máis difícil vivir. A situación das granxas galegas de vacún para carne, como a desta familia de Vilar de Ousón, é dramática, pois os prezos da carne levan anos estancados e, nos últimos meses, cunha clara tendencia á baixa, polo que están lonxe de cubrir sequera os custes de produción desta actividade profesional. Esta mesma familia, hai catro anos, denunciou forestacións de terras agrarias flagrantemente ilegais e que condicionaban negativamente a súa actividade gandeira sen que as autoridades competentes movesen nin un só dedo para atender as denuncias e restablecer a legalidade.

Sen embargo, agora acaban de ser multados por levar as vacas pacer como fixeron toda a vida. Xa non se trata de denunciar a inxustiza que supón que te multen por levar as vacas pacer; é peor o feito de que esta multa supón criminalizar a actividade gandeira e senta un perigoso precedente se, a partir de agora, a Garda Civil de Tráfico vai dedicarse a perseguir e multar rabaños de vacas nas parroquias. Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego, pedimos ás xer-

		JEFATURA DE TRAFICO LUGO		MINISTERIO DEL INTERIOR DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO	
		Nº EXPEDIENTE [REDACTED]		FECHA HORA 31/08/15 16:56	
PRECEPTO INFRINGIDO					
CIR R.D. 1428/2003		Artículo 127	Apartado 1	Puntos a detraer 0	
LUGAR DE DENUNCIA					
Vía LU632		Punto Km 0001,500	Con dirección a DECRECIANTE		
Importe multa 80€		Importe con reducción 50% 40€		Fecha límite pago con reducción 20/09/15	
HECHO DENUNCIADO					
SE CONducir ANIMALES OCUPANDO MAS DE LA MITAD DERECHA DE LA CALZADA.					
DATOS VEHIC.	Matrícula CARECE		Marca y modelo		Clase TURISMO
	DNI, NIE, DOI [REDACTED]		Fecha de nacimiento 08/09/1945		Clase B
DATOS DE LA PERSONA QUE CONDUCE / DENUNCIADO	Nombre y Apellidos NONITO [REDACTED]				
	Domicilio LUGAR VILAR DE OUSON				
	Localidad BECERREA		Provincia LUGO	CP 27640	
DATOS DEL PADRE / MADRE / TUTOR / A	DNI, NIE, DOI		Nombre y Apellidos		
	Domicilio				
	Localidad		Provincia	CP	
TENGA EN CUENTA:					
Iniciación del procedimiento: El procedimiento queda iniciado por la denuncia que se le ha notificado (artículo 73.2 Ley Seguridad Vial). En el reverso de esta denuncia encontrar más información al respecto.					
Pago con reducción del 50%: vea información en el reverso					
En la página www.dgt.es puede recibir información de trámites y conocer el estado de las carreteras					

faturas da Garda Civil de Tráfico da Galiza e, en última instancia, ao Ministerio de Interior, que deixen de perseguir unha actividade indispensable para o noso medio rural e para a sociedade como a gandería e que, no caso que nos ocupa, non supón ningún perigo para a seguridade viaria.

Se realmente as autoridades queren evitar riscos no tráfico de Vilar de Ousón, daquela poderíamos comezar con facer obras de ancheamento da pista e sinalizar nela a presenza de gando para advertir aos vehículos que por alí circulen, cousa que, até o de agora, non fixo ningunha administración.

ENSINO ▶ O profesorado debe dar clase agrupando os cursos de dous en dous

O recorte de persoal no colexio de Xermade socava o dereito á educación de nenos e nenas

O Sindicato Labrego Galego apoiou a concentración de protesta convocada pola Asociación de Nais e Pais (ANPA) de Xermade, que tivo lugar o 7 de setembro diante da casa consistorial. Con esta acción, a ANPA quixo denunciar o recorte de catro profesionais no cadro de persoal da escola, quedando os nenos e nenas do municipio nunhas condicións moi afastadas de ver cuberto o seu dereito á educación como si acontece con outros nenos e nenas de

concellos da contorna. A redución do cadro de persoal do centro prodúcese, precisamente, nun ano no que aumentou o número de alumnos e alumnas con respecto ao curso pasado.

En Xermade, os drásticos recortes de persoal obrigaron a ter un só profesor ou profesora por cada dous cursos, de maneira que se agruparon primeiro e segundo, con 15 nenos

e nenas; terceiro e cuarto, con 19; e quinto e sexto, tamén con 19 e, a maiores, cun neno en adaptación curricular que traballa con libros de terceiro curso. Desta maneira, cada profesor ou profesora ten que ensinar a nenos e nenas con necesidades e temarios distintos nun mesmo espazo e tempo de traballo, polo que a calidade do ensino nunca poderá ser

igual á dunha aula na que un mestre ou mestra imparte un só curso.

Outra das denuncias da Asociación de Nais e Pais de Xermade é a carencia de especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica que precisan sete alumnos e alumnas do centro escolar, o cal agudiza notablemente o deterioro na calidade do ensino que reciben.



365
días de
Tranquilidade



O Seguro do Campo é a nosa vida, dende hai case 30 anos. A Nosa experiencia, ao teu carón, convértenos no **grande especialista en Seguros Agropecuarios** deste país e permítenos ofrecerche o mellor asesoramento e condicións para a escolla do teu Seguro.

En **AGROMUTUA** queremos premiar a túa confianza no sorteo, entre tódolos asegurados, de

12 PÓLIZAS TOTALMENTE GRATIS, unha cada mes, cun custe de póliza máximo de até 6.000 € cada unha.

Para que desfrutes os 365 días de Tranquilidade, GRATIS!

Consigue a túa Póliza Gratis!

Bases da Promoción en www.agromutua.es/promo

☎ 902 50 44 43 ➡ www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Tódolos Campos



DEREITOS ▶ A decisión tomouse grazas ao voto favorable de 31 países, entre os que non había ningún europeo, e tan só coa oposición de Estados Unidos

A ONU redactará unha Declaración sobre os Dereitos Labregos

O proceso de redacción desenvolverase durante os dous vindeiros anos e partirá dun borrador presentado por Bolivia

Na tarde do 1 de outubro, e Xenebra, o Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas aprobou por maioría a resolución que manda ao grupo de traballo intergubernamental negociar, finalizar e entregar o borrador dunha Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos de Labregos e Labregas e outras persoas traballadoras das zonas rurais. O proceso de debates e redacción prolongarase durante os dous vindeiros anos.

A resolución foi presentada polos gobernos de Bolivia, Cuba, Ecuador e Suráfrica e auspiciada, entre outros, por Suíza, Brasil, Eritrea e Arxentina, nun esforzo conxunto de tódalas rexións por apoiar este paso decisivo. Na votación final, só Estados Unidos votou en contra. Os gobernos de Europa abstivéronse na votación e continuaron coa mesma postura de voto en bloque amosada en xuño de 2014. En total, 31 países votaron a favor, 15 abstivéronse e só un se opuxo¹.

Podemos considerar este como un logro da Vía Campesina que, xunto a FIAN Internacional e CETIM, deron un pulo histórico a este proceso ao introducir por primeira vez, dentro das Nacións Unidas, un proxecto que busca cubrir os baleiros en materia lexislativa de dereitos humanos da poboación labrega e das comunidades rurais de pescadores e pescadoras, pobos nómades, pastores e pastoras, traballadores e traballadoras rurais, sen terra e pobos indíxenas. O actual borrador da declaración presentado polo goberno



Tres das relatoras e relatores da Vía Campesina, unha persoa por continente, que defenderon a carta de dereitos labregos no Consello de Dereitos Humanos da ONU en Xenebra: Ndiakhate Fall, de Senegal; Geneviève Savigny, de Francia; e Diego Montón, de Arxentina. A maiores, tamén estivo Zainar Arifin, de Indonesia.

de Bolivia, en febreiro de 2015 en Xenebra, avoga por unha carta universal que conteña un conxunto de dereitos coa fin de

mellorar as condicións de quen produce o 80% da alimentación no mundo e vive nas diversas zonas rurais do planeta.

Unha agricultura global fronte á separación interesada norte-sur

Nos días previos á votación, líderes de tódolos continentes déronse cita en Xenebra para alertar aos gobernos sobre as crecentes condicións de exclusión, acaparamento de terras, represión e criminalización que sofren as organizacións labregas e sobre os efectos devastadores producidos polos agroquímicos na saúde da poboación rural. Asemade, realizáronse outras actividades de apoio nas capitais de varios países para apoiar dende as organizacións nacionais o traballo realizado en Xenebra.

Dende a Vía Campesina declararon a súa intención de redobrar os seus esforzos “para demostrar que non existe unha fenda norte-sur nas vulneracións dos dereitos da poboación labrega fronte á reticencia de moitos estados do norte en aceptar a necesidade da declaración. A Vía Campesina defende un modelo de agricultura global, tanto no norte como no sur, baseado na agroecoloxía e nas relacións de igualdade entre labregos e labregas”.


¹**Votos a favor (31):** Alxeria, Botswana, Congo, Costa do Marfil, Etiopía, Gabón, Ghana, Kenya, Marrocos, Namibia, Nixeria, Suráfrica, Serra Leoa, Bangladesh, China, India, Indonesia, Casaquistán, Maldivas, Paquistán, Arabia Saudita, Emiratos Árabes, Vietnam, Arxentina, Bolivia, Brasil, Cuba, El Salvador, Paraguai, Venezuela e Rusia. **Abstencións (15):** Francia, Alemaña, Irlanda, Holanda, Portugal, Reino Unido, Macedonia, Montenegro, Letonia, Estonia, Albania, México, Qatar, Xapón e Corea. **Votos negativos (1):** Estados Unidos

OxMs ▶ A nova lei permite a cada estado a libre elección de cultivos

19 países da Unión Europea prohiben os transxénicos no seu territorio

Ao amparo da nova lei que regula os transxénicos na Unión Europea, e que dá a cada estado membro a liberdade de elixir se quere ou non cultivos manipulados xeneticamente no seu territorio, un total de once países pediron á Comisión quedar exentos de plantacións de OXM: Francia, Hungría, Polonia, Lituania, Austria, Grecia, Croacia, Letonia, Holanda, Reino Unido e Bélxica. No caso destes dous últimos países, a prohibición de OXMs será en determinadas nacións e rexións como Gales, Escocia e Irlanda do Norte, no Reino Unido; e Valonia en Bélxica.

Posteriormente, Luxemburgo, Alemaña, Dinamarca, Italia, Chipre, Bulgaria, Malta e Eslovenia anunciaron a súa intención de unirse aos países partidarios de prohibir OXMs. Outros países, como Suecia, analizarán os transxénicos caso por caso antes de decidir se autorizan o seu cultivo ou non.



- Autorizan OXMs
- Prohiben OXMs
- Prohiben OXMs en parte do seu territorio

TTIP ▶ Dictame a favor dos tribunais privados para conflitos comerciais

Socialistas e populares alíanse para votar a favor dun TTIP nefasto para a agricultura

Como era de agardar, socialistas e populares volvéronse poñer de acordo á hora de dar o seu apoio a leis e normativas que favorecen o negocio das grandes empresas e transnacionais a costa de recortar os dereitos da cidadanía. Desta vez, estamos a falar do tratado de libre comercio entre Estados Unidos e a Unión Europea, o coñecido como TTIP, do que xa temos informado en anteriores Fouce e que ameaza os principais sectores agrogandeiros da Galiza (nº 301, páxs. 22-23).

O pasado 8 de xullo, sometíase a votación do Parlamento Europeo un informe que, entre outras cousas, defendía o polémico ISDS relativo aos tribunais de arbitraje privados que se encargarán de resolver conflitos entre multinacionais e estados. Esta cláusula, de asinarse o TTIP, permitirá que unha empresa poida denunciar a un país se as leis deste atentan contra o seu negocio; sirva como exemplo a demanda da tabaqueira estadounidense Philip Morris contra Uruguai, país ao que denunciou por incluír nos paquetes de tabaco advertencias sobre os riscos de fumar como as que ha no Estado Español e que se enfronta a unha demanda de 1.467 millóns de dólares.

Este informe que defendía o ISDS obtivo o voto favorable da maioría do Parlamento Europeo grazas ao apoio de populares, socialistas e dos liberais do ALDE, onde se inclúen formacións como Ciudadáns, UPeD ou CiU. Aínda que houbo medio cento de voces disidentes na bancada socialista, todo o PSOE votou a favor.



As familias terratenentes andaluzas estiveron sempre moi ligadas ao poder. Na imaxe, podemos ver boa parte da familia Franco Polo, incluído o ditador Francisco Franco, con membros ilustres da familia Mora Figueroa, outra das grandes beneficiarias da PAC, nunha cacería en Cidade Real na que, entre o 16 e o 18 de outubro de 1959, se cobraron 4.608 perdices.

AXUDAS PAC ▶ Os 8'2 millóns de euros que levou o empresario Nicolás Osuna contrastan cos 5.328 euros de media a que ascenderon estas subvencións

As axudas da PAC de 2014 regan de millóns os cotos dos señoritos andaluces

Catro das familias máis ricas de Andalucía volven estar entre as principais beneficiarias da Política Agraria Común no Estado

Aínda que o Ministerio de Agricultura o puxo difícil, pouco a pouco imos coñecendo as principais beneficiarias do reparto das axudas da PAC no Estado Español. Practicamente seguen a ser as doutros anos, con algunha variación. Desta vez, o principal beneficiario no reparto de subvencións agrarias foi Nicolás Osuna, sétimo no podio de persoas máis ricas de Andalucía, cunha fortuna estimada en 350 millóns de euros. Grazas a fincas como un coto de 10.000 hectáreas que ten en Andújar (Jaén), Osuna cobrou da PAC 8'2 millóns de euros. A familia Mora-Domecq, cunha fortuna estimada nos 800 millóns de euros, cobrou 4 mi-

llóns. Sen saírmos de Andalucía, a familia Hernández (Ebro Foods) e a Casa de Alba tamén levaron un bo pico da PAC: 3 millóns de euros cada unha.

Fóra das familias terratenentes andaluzas, son grandes empresas alimentarias as que se benefician da PAC no Estado Español, como as azucreiras Syral e Ebro, que levaron 3'7 e 1'7 millóns de euros respectivamente; pouco se o comparamos co que levaron en 2010: 30 millóns a primeira e 63 millóns a segunda. Dous dos maiores exportadores de tomate e cogombros, Juliano Bonny e Bonnysa, embolsaron 4 e 5'6 millóns de euros.

Zumavesa, que en 2011 levou máis de 10 millóns de euros, desta vez tivo que conformarse con 6 millóns. Esta empresa de zumes foi fundada por varias citrícolas valencianas que tiñan necesidade de dar saída aos seus excedentes gra-

zas ás xenerosas subvencións da Consellería de Agricultura da Comunitat Valenciá, que cubriu o 90% do seu financiamento con 40 millóns de euros.

García Carrión, lider na comercialización de viños e zumes no Estado (Don Simón), tamén baixou dos 5 millóns a 3. Tamén levaron axudas que superaron o millón de euros Freixenet (2 millóns), Codorniu (1'5), Mercadona (2'5) ou Frieslandcampina (1,3). Esta última é un caso a destacar, pois é un dos grandes xigantes industriais do sector lácteo en Europa, con sede nos Países Baixos e unha facturación que supera os 11.000 millóns de euros.

Sabendo que no Estado Español a axuda media da PAC en 2014 foi de 5.328 euros por solicitante, xa podemos imaxinar a canto ascende o que cobrou a inmensa maioría de familias labregas beneficiarias.

UNIÓN EUROPEA ▶ Un seminario organizado pola Esquerda Unitaria Europea analizou entre Bruxelas e Teo o sector lácteo no contexto da globalización económica

A tendencia do actual modelo leiteiro deixará Galiza con 1.500 explotacións

O Sindicato Labrego Galego tivo unha participación activa, contando con Isabel Vilalba como relatora

O 2 e o 3 de setembro no Parlamento Europeo, Bruxelas, e o 4 na Casa Común de Oza, en Teo, desenvolveuse un seminario baixo o título “A crise do sector lácteo galego no contexto europeo e internacional”, organizado polo grupo parlamentario da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica e coordinado pola eurodeputada galega Lidia Senra. O evento contou coa secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, como relatora, e con varias persoas ligadas á nosa organización como participantes.

Á espera de que se publiquen as conclusións deste evento, no que se analizaron as raíces da actual crise leiteira e as súas solucións, durante os tres días de relatorios e debates xurdiron datos moi interesantes que demostran o que organizacións como o Sindicato Labrego Galego levamos denunciando: que a crise actual non é algo puntual, senón consecuencia do avance dun sistema neoliberal no que se goberna dende a Comisión Europea e se legisla dende o Parlamento a favor dunha minoría de grandes multinacionais exportadoras e en detrimento dos labregos e labregas de toda Europa.

Precisamente, foi Isabel Vilalba quen puxo unha cifra a esa minoría: na UE, de toda a produción leiteira, o 7% vai destinada a exportación, e o 93% restante para consumo interno. O problema é que os prezos que rexen o mercado leiteiro europeo son os de exportación,



O seminario internacional contou coa participación activa do Sindicato Labrego Galego. Arriba, intervencións de Xabier Gómez Santiso e Isabel Vilalba Seivane; abaixo, vista xeral



anormalmente baixos para competir no mercado global. É dicir, que o valor dese 7% de leite, procesado e comercializado por unhas poucas multinacionais con capacidade para exportar, marca o valor do 93% restante. E non é lóxico, pois no mercado global hai países, como Nova Zelandia, que polas súas características xeográficas e sociais é quen de producir leite cuns custos de produción ao redor dos 20 céntimos, e contra iso Europa non pode competir.

Sen embargo, a miopía neoliberal dos nosos e das nosas gobernantes é tal que levan décadas legislando para impoñer este modelo, incluído o Estado Español e Galiza. Un modelo baseado na concentración da produción en moi poucas granxas de tipo industrial e intensivo, con man de obra barata e producións de baixa calidade.



Na nosa terra están a pechar 500 granxas de leite cada ano

Lidia Senra explicou que o que producen actualmente na Unión Europea 650.000 granxas poderían produci-lo 10.000 macroexplotacións cunha media de 1.000 vacas cada unha. Con esas contas, na Galiza abundarían 1.500 destas macroexplotacións para producir o que hoxe produce o noso país. E as estatísticas apuntan a iso: Galiza perde unha media de 500 granxas de leite cada ano, número de granxas que xa pecharon entre novembro de 2014, mes no que había unhas 9.800, e a actualidade, cando quedan 9.300 en activo. Evidentemente, se co número de explotacións actuais xa sufrimos un problema agudo de despoboamento e desestruturación do medio rural, con 1.500 o noso campo estaría abocado á desertización total. E se cadra iso é o que queren dende a Xunta, pois acadaron que, en poucas décadas, Galiza sexa o país da Unión Europea con menor superficie agraria útil, unhas 600.000 hectáreas, que é un territorio equivalente ao que se está dedicando ao cultivo do eucalipto para lucro e beneficio de Ence.

XOSÉ LOIS VARELA CARREIRA ► Incorporouse como gandeiro á fronte dunha granxa de vacún de carne en Carteiro (Palas de Rei) a finais do ano 2001, con 25 anos. Aquela decisión foi “sinxela e natural”, pois sempre foi un apaixonado dos animais e viña axudando dende había anos na explotación gandeira familiar. Nese punto intermedio que lle dan os anos de experiencia e unha idade aínda moza, Xosé Lois compartiu con Fouce as súas opinións sobre a encrucillada na que se atopa a mocidade labrega.

“É fundamental que a mocidade vexa na vida labrega unha alternativa”

✓ Como persoa moza, cales son as túas principais inquietudes no sector?

Definida a nova PAC, solventáronse gran parte das miñas inquedanzas. Agora teño certa preocupación pola saúde dos animais, xa que aínda teño na lembranza o mal das vacas tolas e a ameaza da lingua azul. Alén diso, un sempre anda co ollo posto nos prezos.

Polo demais, non son amigo de retos. Son máis do día a día, do traballo de formiga. Aclarado isto, teño que dicir que, nun futuro, gustaríame producir carne ecolóxica, o cal pode ser unha oportunidade.

En canto ás dificultades, para min a principal é, sen dúbida, o horario de traballo, posto que, ás veces, non das compaxinado para realizar outras actividades, se ben é certo que nunha granxa, ao final es ti quen xestionas o teu traballo.

✓ Cres importante que a xente moza vexa no rural e na agricultura unha alternativa de futuro? Que sería necesario para poder impulsalo?

Coido que é fundamental que a mocidade vexa na vida labrega unha alternativa de vida, posto que o despoboamento, o avellentamento e a masculinización son problemas graves que sofre o noso medio rural. E, para reverter todo este proceso, precísase xente moza.

Non hai fórmulas máxicas, pero penso que asegurar a transmisión xeracional dos proxectos labregos existentes, xunto co apoio de políticas agrarias ambiciosas, unido á dignificación da vida labrega -aspecto este último no que avanzamos



Tras coller o relevo xeracional na granxa da súa familia en Palas de Rei, Xosé Lois está pensando en producir en ecolóxico

enormemente-, poden ser algunhas das medidas que impulsen dita alternativa. Así e todo, debemos ser conscientes de que este será un camiño de longo percorrido.

✓ Como membro da Dirección Nacional do SLG, vés importante a articulación social dos labregos e labregas e, especialmente, da xente moza?

Certamente, é importantísimo que labregas e labregos es-

teamos teñamos unha boa articulación, non só para mobilizarnos ou presentar propostas aos nosos e ás nosas gobernantes, senón tamén para sentirnos fortes como colectivo. E, para iso, debemos participar dun xeito activo no SLG, xa que ten acreditado a súa valía sobradamente na defensa dos pequenos e medianos proxectos agrarios que son os que estruturan o noso medio rural.

Ademais, cómpre salientar que o Sindicato Labrego Galego tamén aposta por outro modelo agroalimentario, por un modelo que respecta os dereitos dos pobos e a súa soberanía alimentaria; en poucas palabras: un modelo ao servizo da xente. E, como é lóxico, precisamos que a xente moza participe, porque aporta frescura e ilusión renovada e, sobre todo, porque é a semente.

FEMINISMO ▶ Tras miles de quilómetros dende a súa saída do Kurdistan, o pasado 8 de marzo, percorreu Galiza pasando por cidades como Compostela, Ourense ou Vigo

Oito días coa Caravana da Marcha Mundial das Mulleres de rota por Galiza

As labregas tiveron unha especial presenza con actividades ao redor das sementes ou da soberanía alimentaria

A caravana feminista organizada pola Marcha Mundial das Mulleres, que partiu do Kurdistan o pasado 8 de marzo, estivo unha semana percorrendo Galiza, do 5 ao 12 de outubro tras pasar por países como Turquía, Grecia, Romanía, Bulgaria, Serbia, Kosovo, Bosnia Herzegovina, Suíza, Austria, Alemaña, Polonia, Hungría, Franza, Catalunya ou Euskadi.

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego colaborou activamente coa organización das actividades que se desenvolveron na nosa terra ao redor deste evento, tendo unha especial participación nos actos que se celebraron ao redor da Caravana Feminista en Betanzos, o 7 de setembro, organizando no Liceo un mercado de alimentos por labregas da comarca e un xantar con produtos cultivados e traídos polas propias mulleres participantes. Aproveitando esa comida, as labregas dialogaron e compartiron experiencias e sentires coas mulleres da Caravana Feminista.

Tamén houbo compañeiras do Sindicato Labrego Galego que participaron directamente en actividades ligadas ao paso da Caravana Feminista na Galiza, como a palestra sobre ecofeminismo que tivo lugar no café-teatro do Pazo da Cultura de Narón, o 6 de setembro, na que falou a coordinadora da loita contra a minaría salvaxe no SLG, Margarida Prieto Ledo; ou no coloquio sobre ecofeminismo e soberanía alimentaria que



se celebrou en Compostela o 7 de setembro e que contou coa participación de Pura Seoane, labrega que ten ocupado diversas responsabilidades no SLG, entre as que se atopan a de ter estado á fronte da Secretaría das Mulleres antes do ano 2003, ou a de ser responsábel da Dirección de Horta entre 2007 e 2011. Esa mesma tarde en Compostela, houbo unha merenda organizada por labregas do SLG da bisbarra que utilizaron alimentos cultivados por elas mesmas para elaborar os petiscos.

A maiores, celebráronse varias actividades relacionadas co agro noutras cidades e comarcas, como unha feira de sementes no rianxo da praza de abastos de Ourense, o 9 de outubro, ou diversos encontros con labregas.

As mulleres do SLG participaron en varias actividades, como as organizadas en Betanzos (arriba e abaixo) ou as palestras de Narón (medio)



Axudas para a reposición de gando tras sacrificio obrigatorio e para cubrir o lucro cesante

Seguen vixentes as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún por motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

Nesta mesma liña de axudas inclúense aquelas destinadas a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións onde se ordenou o sacri-

ficio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen nesos marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais a consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

O prazo para solicitar este tipo de axudas remata o **30 de novembro**. Máis información, en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vai rematar a campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos inclúen:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Funcionalismo pulmonar.

✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.

✓ Impedanciometría.

✓ Electrocardiograma.

✓ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.

✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.

✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.

✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos, dirixirte ao teu local do Sindicato Labrego Galego.

**ASESORÍA
PARA AS
MULLERES
DO RURAL.**
**Infórmate en
calquera oficina
do SLG**



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Xatas frisoas próximas ao par-to. En Portomarín (Lugo).
☎660968743 / 697422304

Véndese

-Rolos de silo. Zona de Lugo.
☎649 14 76 14

Véndese

-2 rotativas Deutz Fahr de 1'90. En moi bo estado.
-Tractor John Deere 6.400.
-Tractor Same 130 con pa.
Na zona de Lugo.
☎982 160 116 / 690 774 565

Véndese

-Invernadoiro de capela. Ten 608 m², en bo estado.
☎610 040 674

Véndese

-Limpadora.
-Muíño de tractor.
-Land Rover Freelander.
☎648 718 864

Véndese

-Silo de penso 6.000 kg: 300€.
-Quad.
Zona do Corgo (Lugo).
☎689 752 400

Véndese

-Casa de pedra en Betanzos, con horta de 2.000 m².
☎625 814 050

Véndese

-Desensiladora BVL en moi bo estado.
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Tractor Massey Ferguson de 90 CV. Preparado.
-Desbrozadora de 160 cm.
-Fresadora de 2 metros.
☎659 993 345

Véndese

-Vacas e xovencas de leite en Areas (Paderne, A Coruña) por peche de explotación.
Preguntar por Genoveva.
☎981 797 225

Véndese

-Suzuki Vitara diesel, 3 portas, ano 2001, 130.000 km, con bola de remolque. Prezo: 6.500 €.
-Nissan Terrano 2800 TDI, ano 2000, 170.000 km, con tódolos extras. Prezo: 5.000 €.
En Lugo.
☎687 835 888

Véndese

-Trigo grandal, en Lugo.
☎649 147 614

Véndese

-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndese

-Tanque de 2.400 l. Alfa Laval.
☎981 798 569 / 659 741 964

Véndese

-Añas preñadas en Silleda.
Preguntar por Celso.
☎608 088 742

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Pacas ecolóxicas de trigo e centeo con ou sen gran. Medidas: 1'00 x 0'50 x 0'50 m. Prezo con gran: 3 €. Prezo sen gran: 2 €. Zona Pontecarreira e Ames. ☎686 783 800

Véndese

-Sala de muxido Gascoigne Melotte de 6 puntos e 6 pulsadores electrónicos con lavado automático.
-Tanque de frío para leite Japy de 1.250 litros.
-Grupo electrógeno de 27 KVA case novo.
-Sementadora do millo de discos de catro regos.
-Tractor Deutz Fahr D-6806, con dirección asistida.
-Termo de sementes de 18 litros.
Véndese todo por xubilación. ☎981 695 542 / 648 118 865

Véndese

-Sala de muxido PACKO de 8 puntos. En bo estado. ☎982 783 019 / 628 785 466

Véndese

-Cabras e cabritos na zona de Oza dos Ríos (A Coruña). ☎670 895 789

Véndese

-Touro Limousin de 6 anos. Libre de IBR e demais enfermidades revisables. ☎639 946 557

Véndese

-Pacas grandes de herba seca. Tamaño 80x80x240. Na zona de Chantada. ☎670 32 01 38

Véndese

-Cachorros Border Collie. Na zona de Arca (A Coruña). ☎676 678 241

Véndese

-Becerras. No Covelo (Pontevedra). ☎626 442 294

Véndese

-Porcos cebados con produtos do campo.
-Aguardente branca, tostada e de herbas.
Preguntar por Xosé Miranda. ☎986 586 916 e 679 677 373

Véndese

-Millo para ensilar en Paderne (A Coruña).
Preguntar por Toñito Estrada. ☎659 479 657

Véndese

-Angazo estendedor ou volteador de herba de 2 campás marca OMA. Reforzado. ☎652 392 093

Véndese

-Poldra de 3 anos cos papeis en regra. Con montura incluída. ☎649 816 773

Véndese

-Tractor Ford 4066.
-Tractor Carraro de 70 CV.
-Fresadora de 2 metros de ancho.
-Desbrozadora de 1'5 metros de ancho.
En Viana do Bolo (Ourense). ☎609 311 416

Véndese

-Rolos de herba seca de boa calidade. En Cospeito (Lugo). ☎982 505 755

Véndese

-Tractor Ford 4066.
-Tractor Carraro de 70 CV.
-Fresadora de 2 metros.
-Desbrozadora de 1'5 metros.
En Viana do Bolo (Ourense). ☎609 311 416

Véndese

-Canón de rega de 250 metros de longo e 90 de diámetro.
-Canón calefactor para patacas.
-Máquina colleitadora de pataca marca Kverneland. Na Limia (Ourense). ☎662 302 151

Véndese

-Tractor Ebro 160. En bo estado e coa ITV en regra. ☎696 647 118

Véndese

-Circuíto Alfa-Laval de 4 puntos.
-Bañeira de 1.000 litros. Trifásica. ☎626 211 169

Véndese

-200 cabras. ☎606 436 139

Véndese

-Cuba de leite de 2.200 litros, marca Packo, trifásica. ☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Suzuki Jimny 1300 inxección. ☎620 394 339 (Daniel)

Véndese

-Autocargador Calagri en perfecto estado e con documentación. Dimensións: 22x24 ☎686 203 503

Véndese

-Rolos de herba seca e silo. ☎659 213 085

Véndese

-Ranchos.
-Herba seca en rulos.
En Beán (Ordes). ☎981 699 267

Véndese

-Rodas de tractor 16/ 9 / 30.
-Tractor con dobre tracción, 80 CV. ☎667 469 962

Véndese

-Silo de penso de 8.000 kilos, dividido.
-Grúa ortopédica para minusválidos.
☎679 942 541 / 982 137 620 (preguntar por Ánxeles)

Véndese

-Tractor Ebro 6125, dobre tracción. Zona: Castroverde. ☎626 809 998

Véndese

-Remolque esterqueiro de 10 m³. Varias velocidades de descarga e marcha atrás. Porta traseira hidráulica. Moi bo estado. Zona de Tordoia (A Coruña) ☎679 509 588 / 616 552 180

Véndese

-Bolos de silo e de herba seca. Prezo económico. ☎680 107 271

Véndese

-Vacas de carne Limousine paridas e preñadas. En Castroverde (Lugo). ☎699 993 843

Véndese

-Rotoempacadora Carraro, con documentación.
-Desensilador.
Todo en moi bo estado. ☎982 176 085 (chamar á noite).

Véndese

-2 vacas de raza Rubia Galega de 5 a 6 anos, moi mansas. ☎689 752 400

Véndese

-2 invernadoiros tipo túnel de 500 m² cada un (están desmontados e gardados).
-Transplantadora Checchi&Magli Fox-Drive R-14, para planta en cepellón ou raíz. ☎628 841 340

Véndese

-Rotoempacadora sistema Welger RP12 en bo estado. ☎676 268 464 (preguntar por Vitor)

Véndese

-Sala de muxido de 8 puntos.
-Bañeira de 1.600 litros.
-Cornadizas. ☎608 551 543

Véndese

-Ribeira de 400 metros, con adega e bo acceso. En Pedrafita (Chantada). ☎646 054 000

Véndese

-Remolque para transporte de animais. ☎982 505 755

Véndese

-Autocargador en bo estado. ☎648 718 864

Véndese

-Autocargador Galagri rotativo, con tódolos extras: descarga hidráulica, freo hidráulico e electroválvulas. ☎981 418 423 / 686 666 032 (preguntar por Antonio).

Véndese

-2 tanques de leite, un de 500 litros e outro de 300 litros. Zona de Chantada. ☎657 397 499

Véndese

-10 cabritas de 5-6 meses para criar, a maior parte delas brancas. Prezo: 100 euros por animal. ☎648 714 898 (preguntar por Antonio).

Véndese

-3 tenreiras de Rubia Galega, de 1 ano de idade. Marcadas en Acruga. ☎629 163 901

Véndese

-Remolque distribuidor de esterco, modelo AFMR Uracon RT 1/4 para 5.500 Kg. con freo hidráulico. ☎650 019 275

Véndese

-Tractor John Deere 2140.
-Cisterna de 3.000 litros documentada.
-Rotoempacadoras Wolwo e Lerda.
-Tractor Ebro Super 55-Fresas de 1.60 m e 1.35 m ☎620 171 952

Véndese

-Rolos de herba seca de boa calidade en Barancellle (Abadín, Lugo). ☎982 178 970

Véndese

-Casa de pedra en Herbes (Carral, A Coruña). ☎981 196 489 / 626 806 590

Véndese

-Coche Peugeot 106, con enganche para remolque. 80.000 Km. Prezo: 1.000 €. Zona de Monfero (A Coruña). ☎634 655 361

Véndese

-Furgoneta Citroën JUMPY 110 CV, mixta, do ano 2002.
-Furgoneta NISSAN PRIMA START 115 CV ano 2007.
-Motosegadora BCS. ☎636 269 488

COMPRAS

Arréndanse

-14 de ferrados de terras de labor en San Román (Oroso). ☎981 271 228 / 676 725 202

Mércase

-Remolque usado para o transporte de animais con turismo particular. ☎626 915 873 (preguntar por Xosé).

Mércase

-Chimpín que teña remolque. En Teo (A Coruña). ☎627 087 795 (preguntar por Dolores)

EMPREGO

Ofrécese

-Peón agrícola e gandeiro con experiencia. Disposibilidade para mudar de domicilio. ☎643 331 397 / 642 257 413

Necesítase

-Persoa empregada para explotación na zona de Xermade. ☎627 950 681

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

 **TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Hai unha década, cinco mozos da familia Collarte-Diéguez xuntábanse en Ribadavia para iniciar un soño de viñedos e pedra ao redor da aldea abandonada de Eira de Mouros¹. Hoxe ese soño chámase Cume do Avia, un viño do que están a comercializar a primeira anada e ao que aínda lle queda moito por contar. Do proxecto inicial, polo camiño houbo unha baixa -seguen Fito, Anxo, Diego e Álvaro- e descartaron a posibilidade de traballar en horta. Nos haberes, a ilusión intacta do primeiro día.

“Queremos ser cada vez máis autosuficientes no cultivo da viña”

✓ **Tras moitos anos de traballo, por fin podemos catar o Cume do Avia. Como foi esta primeira anada?**

Agora mesmo, estamos a comercializar a vendima de 2013. Envasamos unhas 1.700 botellas: 1.100 de branco con Treixadura, Albariño, Loureira e Lado; e unhas 600 de tinto con Caíño, Brancellao e Sousón. A maiores, en 2013 tamén fixemos unha ampliación dos nosos viñedos e plantamos máis variedades.

✓ **Daquela, ¿non tedes aínda viño da vendima de 2014?**

Témolo aínda en depósito, sen embotellar. Nós somos dos últimos en vendimar no Ribeiro. Facémolo a mediados de outubro, buscando unha boa maduración da uva. Despois, levamos a cabo un proceso de fermentación lento, a baixa temperatura e de maneira espontánea, sen engadir fermentos. Unha vez fermentado, temos o viño uns nove ou dez meses en depósito, e ao redor doutros tres meses en botella para que evolucione.

✓ **É difícil meter un viño novo coma o voso no mercado?**

Nós vendemos directamente e non traballamos con distribuidores. Non estamos facendo un traballo moi intenso para vender, pero alí onde presentamos os nosos viños teñen moi boa acollida. Agora mesmo, o 50% da nosa produción vai toda para o restaurante Fogar do Santiso, con locais abertos en Trasellas (Teo) e Santa Cristina (Oleiros), onde cociñan alimentos ecolóxicos e da propia horta. O resto vendémolo a viñotecas e restaurantes con viños de calidade.

✓ **Pódese dicir que comezastes dende cero cos viñedos, seleccionando e plantando vós mesmos as vides. Que percorrido lle queda aínda a Cume do Avia en calidades e cantidades?**

Agora mesmo temos plantadas case 9 hectáreas de viñado, a metade delas de 2013. As que plantamos en 2008 e 2009 xa están a producir a un bo nivel. De feito, en 2014 xa dobramos a produción con respecto a 2013, e este ano calculamos que producirán un 70% máis. Traballamos en ecolóxico e somos conscientes de que o proceso é lento, pois non utilizamos os abonos que se empregan en convencional nin lle esiximos os mesmos rendementos á viña. A cambio, a calidade da uva é superior. Nós aspiramos a producir uns 6.000 quilos por hectárea, cando coa Treixadura pódense obter uns 15.000 quilos no Ribeiro e se acadan, normalmente, medias de 10.000 quilos. En definitiva, cando as nosas viñas estean a pleno rendemento, poderemos ter unha produción ao redor das 40.000 botellas.

✓ **Do proxecto inicial que incluía horta, cría de porco celta, a plantación de varias hectáreas de vides e a elaboración de viño, ¿que se fixo realidade e que ficou no camiño?**

Da horta, fixemos a proba e ao final descartámola; non nos era posible atender unha explotación hortícola e os viñedos ao mesmo tempo. En canto á cría de porco celta, aínda o temos en mente. Temos por riba da viña boa terra para criar porcos, e mesmo pensamos en ter ovellas



para que pazan polas viñas de cara a manter a raia as herbas no inverno. Acabarémolo facendo, pero a longo prazo.

✓ **Seguides prestando servizos con maquinaria agrícola?**

Cada vez dedicámoslle máis tempo á viña, feito que coincide cunha carga cada vez menor na prestación de servizos agrarios a terceiros. Aínda que cada vez ten menos peso, a empresa de servizos segue dándonos o groso dos ingresos. De feito, Cumio do Avia aínda non dá beneficios. Pero sabemos que, en dous ou tres anos, comezará a facelo, e nós preferimos dedicarlle cada vez máis tempo á adega.

✓ **Mantedes o enfoque agroecolóxico e de autosuficiencia enerxética dos inicios?**

Si. Temos todo certificado polo Craega. Facemos nós mesmos os preparados con extractos para a viña e o ano pasado construímos un composteiro para facer o noso propio abono.

Queremos ser cada vez máis autosuficientes na viña e depender cada vez menos de axentes externos. En canto á enerxía, se algún día restauramos algunha das casas de Eira de Mouros, serán autosuficientes coa instalación de placas solares, agás na vendima, cando tes un gasto enerxético forte que nos obrigará a tirar dun xerador.

✓ **Tedes algún outro proxecto en marcha a maiores de Cumio do Avia?**

Imos comezar un proxecto en colaboración coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) para facer un viñado con plantas nai de 67 castes galegas en distintos patróns, algunhas delas en perigo de extinción, de cara a estudar o seu comportamento, conservalas, e obter planta para nós.

¹“Unha cooperativa do Ribeiro resucita a aldea viñateira de Eira de Mouros”, Fouce 252, páxina 12. Marzo de 2007.

A importancia do crédito na estrutura produtiva

por Daniel Rodicio,
economista e membro da
Dirección Nacional do SLG

Dende tempos remotos, os distintos modos de sociedade e civilización prestan e piden prestado; existen evidencias de que xa se facía en Mesopotamia (actual Iraq) hai 5.000 anos. Sen embargo, non é ate o século XIV cando aparece o sistema bancario moderno. Nace na península italiana, que á altura dese século era un conxunto de cidades-estado que se beneficiaban da influencia e dos ingresos do papado de Roma.

Así, dende o século XIV, a banca foise axeitando ás novas formas de produción e comercio, até se converter na nova sacerdotisa dun novo e omnipotente deus, o deus diñeiro. Como dicía Octavio Paz en 1949: *“O planeta vólvese diñeiro, / o diñeiro vólvese número, / o número cómese ao tempo, / o tempo cómese ao home, / e o diñeiro cómese ao tempo”*. Se Ra era o gran deus do antigo Exipto, Zeus o pai de tódolos deuses e homes para a mitoloxía grega, Xúpiter o que administraba a xustiza para a antiga Roma, e Odín era o deus da sabedoría, a guerra e a morte pero tamén da poesía, a maxia, a profecía, a vitoria e a caza para a civilización viquinga; hoxe o deus diñeiro encarna tódalas divindades terreaís e celestiais, pois cren os beatos desta relixión que é a canle que comunica a súa efémera e triste vida con tódalas utopías materiais que o conectan directamente coa felicidade de consumir até a extenuación.

A vitoria deste gran deus sobre os mortais homes na era da globalización é clara e contundente. Un dato evidénciao como poucos: mentres que o PIB mundial está cifrado en 45 billóns de €, nese mesmo período de tempo e a escala planetaria, os mercados moven capitais por valor de 3.450 billóns de €. Hai preguntas hoxe que non necesitan contestación. Quen ousaría profanar o auxilio do diñeiro obrigando a este a pórse ao servizo das maiorías sociais? O sadismo e a brutalidade deste deus non impide á súa suma sacerdotisa dicirnos que debemos tolerar con submisión silencio a súa divindade pois, á vez, el encarna a avaricia e esta proporciona goce e o desexado ascenso sobre o resto dos vulgares seres da nosa especie.

Se es pobre, precisas ser rico. Como a maioría dos miserables pobres adoran ao deus diñeiro, necesitan con urxencia ser ricos. Aquí é onde o crédito xoga un papel fundamental, xa que aínda que haxa quen defenda teorías pagás de que o diñeiro é un

medio pero non un fin, en definitiva sempre vai ter necesidades vitais imprescindibles, bens caros de longa duración e, polo tanto, que deben ser pagados a prazos, como por exemplo a vivenda, o coche, unha máquina para unha empresa, etc. que o van facer dependente do crédito. Ás veces, a el e aos seus fillos.

“Coa soberanía alimentaria podemos tender ao pleno emprego, á sostibilidade do planeta, a ter alimentos de calidade e á redistribución da renda. Co sistema que estamos a padecer nestes momentos, a tendencia é a ter un paro estrutural de máis dun 20% da poboación, a ter modelos que contaminan e depredan o medio, a consumir alimentos de baixa calidade e a fomentar a concentración da riqueza”

O crédito é a concretización da demanda de cartos, e esta demanda vén condicionada por outro elemento: a oferta. Así, os depósitos bancarios determinan en boa parte os créditos, dándolle un dobre poder á banca, xa que este mecanismo non só lle dá a potestade de determinar a quen se lle conceden os créditos, senón tamén a capacidade de xerar diñeiro e aumentar a oferta monetaria. Son, pois, os bancos en última instancia, xunto co Estado, os que determinan que modelo produtivo fomentar a través das subvencións e o préstamo. Este sinxelo mecanismo deberíanos levar a pensar que se a banca e o Estado seguen a fomentar a cobiza humana a través da perpetuación deste modelo neoliberal, financiando vía créditos e subvencións os grandes grupos monopolís-

ticos da produción, a transformación e a distribución, hai que ir pensando que cada vez os pequenos e medianos operadores dos distintos segmentos da cadea de valor imos ir desaparecendo irremediabilmente.

Así, mentres Galicia podería ter 150.000 explotacións agrícolas sen problema de supervivencia, están decidindo o peche por inviabilidade da maioría das que aínda sobreviven. Sabemos que, neste momento, só quedan 76.000 das máis de 100.000 que había no 2003, por non falar das máis de 400.000 de principios dos anos 90. En vinte anos é probable que fiquemos con menos de 25.000 explotacións.

Un modelo podería dar traballo ao 10% da poboación, o outro ao 1%:

► O modelo que aposta pola **soberanía alimentaria**, ademais, crea abundantes e diversas empresas transformadoras que apostan pola calidade, a saúde e uns prezos onde tódolos elos da cadea gañan; ademais, propicia un comercio de barrio achegado á xente que, á súa vez, xera tamén emprego.

► O que caracteriza o **modelo neoliberal** son as macroempresas oligopolísticas, ou mesmo monopolísticas, da transformación e a distribución final que explotan tanto a labregos e labregas como a traballadores e traballadoras asalariadas.

Coa soberanía alimentaria podemos tender ao pleno emprego, á sostibilidade do planeta, a ter alimentos de calidade e á redistribución da renda. Co sistema que estamos a padecer nestes momentos, a tendencia é a ter un paro estrutural de máis dun 20% da poboación, a ter modelos que contaminan e depredan o medio, a consumir alimentos de baixa calidade e a fomentar a concentración da riqueza.

En definitiva, que haxa explotacións sostibles e ben dimensionadas que xeren riqueza ou macroexplotacións ao servizo do gran capital, vén determinado tanto polo poder do Estado como da banca. Non telo claro é camiñar como camiñamos cara a modelos de desenvolvemento rural onde uns poucos gañan moito e a inmensa maioría perdemos; e perdemos moito porque é todo o que temos. Polo tanto, que se lle concedan créditos e subvencións ás grandes multinacionais e aos terratenentes e non aos pequenos produtores é algo que se debería tipificar como delito en calquera país civilizado, democrático e progresista.



LEITE. A produción segue disparada na Galiza e comezan a reter os cartos da supertaxa ▶ 5

AGRICULTURA ECOLÓXICA. Unha labrega do SLG ante a Comisión de Agricultura ▶ 23



Cambio climático, Cara a onde vai o clima?

O quecemento global altera os traballos e os ciclos agrícolas na Galiza ▶ 6 a 10

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XL - Nº 305 - Novembro/Decembro 2014

O ACAPARAMENTO DE TERRAS NA GALIZA A DEBATE NO PARLAMENTO EUROPEO



Entre o 10 e o 11 de decembro, 55 representantes de colectivos e organizacións sociais galegas, entre as que estaba o SLG, xuntáronse na sede do Parlamento Europeo, en Bruxelas, para participar nunhas xornadas sobre o acaparamento de terras na Galiza. O encontro estivo organizado pola

eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), Lidia Senra, e propiciou a posta en común de estratexias e xeitos de enfrontarse a un fenómeno que cada vez se produce de xeito máis impune e que acada as máis diversas facetas: dende as forestacións ilegais de terras agrarias até as expropiacións

para facer obras públicas, pasando polas instalacións enerxéticas como encoros e parques eólicos, ou as desfeitas da minaría salvaxe. O evento tamén tivo unha parte formativa na que se analizaron os informes de avaliación ambiental, claves á hora de paralizar proxectos lesivos para o noso territorio. ▶ 20 a 22



As Marchas da Dignidade ocupamos o Obradoiro para esixir traballo, teito e o dereito a producirmos o noso propio pan

▶ 16 e 17

PAC. Cambio de última hora do Ministerio de Agricultura para que cobren axudas cazaprimas e absentistas ▶ 11

MONTES. Quen segue sen un instrumento de ordenación dos montes non pode pedir axudas dende febreiro ▶ 12 e 13

